



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 27 DE DECEMBRO DO 2021.**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o vinte e sete de decembro do dous mil vinte e un, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Victor Manuel Rodríguez López e D. Manuel Rodríguez Martínez.

**Grupo Mixto:**

**Bloque Nacionalista Galego:** D. Emilio José Sánchez Iglesias  
**Esperta Monforte:** D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

**Interventora accidental:** D<sup>a</sup> María Inmaculada Buján Arias.

**Secretario accidental:** D<sup>a</sup> Elisa Martínez Arias, que dá fe do acto

Non asiste a Concelleira D<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle.

Antes da orde do día o Sr. Alcade propón un minuto de silencio polo accidente sucedido cunha morte no día de onte en Monforte de Lemos.

**ORDE DO DÍA:**

**1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 29 DE NOVEMBRO DO 2021.**

Sométese a votación a acta do pleno de 29 de novembro do 2021, aprobándose por unanimidade dos membros presentes.

**2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 24.11.2021 ao 21.12.2021.**



O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 24.11.2021 e o 21.12.2021.

#### PARTE RESOLUTIVA

### **3º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS MUNICIPAIS, QUE CONTEÑEN RÉXIME SANCIONADOR, EN RELACIÓN CO PRAZO DE RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía:

#### **"ANTECEDENTES**

*1º.- Con data 27.09. o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adoptou o acordo de aprobación da Consulta Pública da Modificación das Ordenanzas Municipais, que conteñen réxime sancionador, en relación co prazo de resolución dos expedientes sancionadores.*

*2º.- Dita consulta foi publicada, por un período de 15 días naturais na páxina web do Concello de Monforte, coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poideran facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela tiveran a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que se puxeron a súa disposición os documentos necesarios, coa debida claridade e concisión reunindo toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.*

*3º.- Transcurrido o prazo de aportación de achegas, non se presentaron opinións por aqueles colectivos aos que ía dirixida a consulta.*

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

*Visto o informe da Secretaría Xeral de data 17.12.2021 que sinala:*

*"PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.*

*SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen*  
*Pleno da Corporación 27.12.2021*



*os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.*

*TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias "as potestades regulamentarias e de autoorganización" no seu artigo 4. l.a).*

*CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.*

*QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que "na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis". Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.*

*SEXO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.*

*SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).*

*OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.*



*O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.*

*En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:*

*a. Consulta pública previa.*

*De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas se substanciará unha consulta pública.*

*Consta no expediente a realización da consulta pública previa mediante inserción na páxina web do Concello, por un prazo de 15 días comprendido entre o 28 de setembro e o 13 de outubro do 2021.*

*Consta certificación desta Secretaría Xeral de que, no prazo sinalado no punto anterior, non foi presentada ningunha aportación á ordenanza.*

*b. Informes previos.*

*O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.*

*c. Aprobación inicial polo Pleno.*

*Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.*

*d. Información pública e audiencia dos interesados.*

*O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.*

*Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).*



- e. *Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).*

*Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.*

*Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que “no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional”.*

- f. *Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que “os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2”*

- g. *Entrada en vigor.*

*Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requirimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).*

*NOVENO.- A consulta pública previa foi realizada mediante inserción no Taboleiro de Anuncios da páxina Web do Concello de Monforte de Lemos.*

*DÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación inicial da modificación da Ordenanza de tráfico o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.*

*Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de aprobación inicial da modificación das **ORDENANZAS QUE CONTEÑEN RÉXIME SANCIONADOR, EN RELACIÓN CO PRAZO DE RESOLUCIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES** pasando a ser de 6 meses o prazo de resolución das seguintes:*

*ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA DENOMINACIÓN E ROTULACIÓN DAS VÍAS PÚBLICAS E DA NUMERACIÓN DE EDIFICIOS.*



ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE VERTEDEURAS E DO SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO.

ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA E POR VIBRACIÓNS.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS, DISTANCIA DAS PLANTACIÓNS E XESTIÓN DA BIOMASA FORESTAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

ORDENANZA XERAL DE PROTECCIÓN MEDIO AMBIENTAL.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE FACHADAS, ELEMENTOS CONSTRUTIVOS E SOLARES.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS, TOLDOS, PARASOIS, CELOSÍAS OU BIOMBOS NAS ZONAS DE INTERESE TURÍSTICO.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS.

Con base no anteriormente exposto propoño que o Pleno adopte os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación das **ORDENANZAS QUE CONTEÑEN RÉXIME SANCIONADOR, EN RELACIÓN CO PRAZO DE RESOLUCIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES pasando a ser de 6 meses o prazo de resolución das seguintes:**

.-ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA DENOMINACIÓN E ROTULACIÓN DAS VÍAS PÚBLICAS E DA NUMERACIÓN DE EDIFICIOS.

.-ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE VERTEDEURAS E DO SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO.

.-ORDENANZA REGULADORA DA PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA E POR VIBRACIÓNS.

.-ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS, DISTANCIA DAS PLANTACIÓNS E XESTIÓN DA BIOMASA FORESTAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

.-ORDENANZA XERAL DE PROTECCIÓN MEDIO AMBIENTAL.

.-ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE FACHADAS, ELEMENTOS CONSTRUTIVOS E SOLARES.

.-ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS, TOLDOS, PARASOIS, CELOSÍAS OU BIOMBOS NAS ZONAS DE INTERESE TURÍSTICO.

.-ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS.

**SEGUNDO.-** De acordo co disposto no art. 49 b) LRBRL, abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, debendo anunciarse no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación.

**TERCEIRO.-** Dispoñer que, de acordo co establecido no art. 49 da LRBRL, no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.”



De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non se produciu ningunha alegación, polo que se propón a aprobación inicial o texto que figura no expedinete.

Intervén D. Emilio José Sánchez felicitando o Nadal a todos. Di que neste apartado eles se abstiveron nas anteriores votacións, atendendo ás recomendacións técnicas, quería facer fincapé nun detalle, na ordenanza municipal de plantacións, cando se trouxo aquí este tema, se debería de buscar unha ferramenta legal para axilizar os trámites nesta ordenanza, xa que é certo o tempo de 3 a seis meses, nun punto concreto neses seis meses de tránsito sen limpar pode dar a un incendio.

Intervén D<sup>a</sup> Gloria M<sup>a</sup> Prada sinalando que estase a falar no expediente sancionador, no teñen que ver co demáis, non se vai chegar a ese momento de que produza, refírese ás notificacións, ampliar o prazo.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que o entende perfectamente, pero se se ten unha finca sen limpar durante seis meses.

Intervén o Sr. Alclade dicindo que non procede abrir outro abanico distinto, polo que habería que facer outra exposición pública previa.

Sometido o asunto apróbbase por maioría con catorce votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e Grupo Municipal Popular e dúas abstencións dos concelleiros do Grupo Mixto.

#### **4º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXIS.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía:

#### ***“ANTECEDENTES***

*1º.- Con data 26.04.2021 o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adoptou o acordo de aprobación da Consulta Pública de Aprobación da Ordenanza Reguladora do Servizo de Taxis.*

*2º.- Dita consulta foi publicada, por un período de 15 días naturais na páxina web do Concello de Monforte, coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poideran facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela tiveran a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que se puxeron a súa disposición os documentos necesarios, coa*



*debida claridade e concisión reunindo toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.*

*3º.- Con data 25.10.2021 o Pleno da Corporación prestou aprobación inicial á Ordenanza Reguladora do Servizo de Taxis.*

*4º.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 254 de data 5 de novembro de 2021, inseriuse anuncio relativo á exposición pública da citada ordenanza.*

*5º.- No período de exposición presentáronse as seguintes alegacións:*

*- Con data 10.11.2021 RE 17642 de D<sup>a</sup> Mercedes Rubinos Cortés.*

*- Con data 17.11.2021 RE 17984 RE 17983 da Asociación Radio Taxi Monforte representada por D. Antonio Gallego Pérez.*

*- Con data 23.11.2021 RE 18288 de D. Gerardo Aceiro Pérez*

*- Con data 03.12.2021 RE 18849 da Asociación Profesional de Empresarios do Auto-Taxi de Monforte de Lemos.*

*En relación con ditas alegacións, procede informar:*

#### **ALEGACIÓN DE D<sup>a</sup> MERCEDES RUBINOS CORTÉS**

*1º - En relación á primeira alegación, proponse rexeitala porque non se trata de publicidade constitucional senón institucional, dacordo coa normativa establecida para os Concellos de Galicia.*

*2º.- En relación á segunda alegación, proponse rexeitala porque é imposible a obrigatoriedade de dous taxis xa que hai momentos de maior demanda na que están ocupados todos os taxis, sendo esixible a garda na parada principal, onde poden chamar os clientes ó teléfono público e requerir o servizo.*

*3º.- En relación á terceira alegación, proponse rexeitala, xa que esta ordenanza non regula outros operadores que non teñan presenza na cidade Monforte de Lemos.*

*4º.- En relación á cuarta alegación, proponse rexeitala, porque a ordenanza describe e regula a imaxe corporativa dos taxis da cidade de Monforte de Lemos.*

#### **ALEGACIÓN DA ASOCIACIÓN RADIO TAXI MONFORTE REPRESENTADA POR D. ANTONIO GALLEGO PÉREZ.**

*1º. - En relación á primeira alegación, proponse aceptala sendo os descansos en pares e impares por número de licenza correlativa.*

*2º.- En relación á segunda alegación, proponse aceptala no senso de que o día de libranza o taxista non poderá ir ás paradas pero poderá prestar o servizo para empresas ou administracións coas cales teña contrato.*





3º.- *En relación á alegación referente o abandono da parada de taxis, propónse rexeitala para evitar especulacións no servizo.*

*ALEGACIÓN DE D. GERARDO ACEIRO PÉREZ.*

1º.- *En relación á primeira alegación, procede aceptar a substitución de descansos en pares e impares por número de licenza correlativa, independentemente de quen sexa o titular.*

2º.- *En relación á segunda alegación, procede aceptar a mesma, quedando respostada na primeira alegación.*

*ALEGACIÓN ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS DO AUTO-TAXI DE MONFORTE DE LEMOS.*

1º.- *En relación á primeira alegación, propónse rexeitar a mesma cinguíndose ao que pon ó respecto na ordenanza.*

2º.- *En relación á segunda alegación, propónse rexeitala.*

3º.- *En relación á terceira alegación, propónse rexeitar xa que está mal o artigo ao que se fai referencia, corresponde ao artigo 25 quedando a modificación da ordenanza do artigo 25 apartado C redactado do seguinte xeito: “para poder acceder a rúas peonís, os titulares de licenza de taxi, deberán solicitalo ao Concello tal e como recolle a Ordenanza municipal de tráfico” e suprimindo a frase do apartado D do citado artigo “debendo avisar á Policía Local”.*

4º.- *En relación á cuarta alegación, propónse rexeitar comunicando que é erróneo o artigo, xa que é o 26 e non o 25. Os teléfonos ubicados en espazo público son para uso de todos os taxistas e non pode existir liñas en espazo público para uso privativo.*

5º.- *En relación coa quinta alegación, propónse rexeitala xa que ademáis de non ser o artigo 26, senón que é o artigo 27, ten que haber taxistas de garda, e as gardas deben ser de presenza e non é suficiente a dispoñibilidade a demanda.*

*A suxerencia dos taxistas realizada verbalmente en xuntanza mantida coa alcaldía no Concello, modifícase o texto do apartado g) do artigo 26 quedando como segue “se calquera dos taxistas que prestan o servizo abandonasen a parada onde se atopen, sen causa xustificada, non poderá incorporarse , á mesma parada ata transcorrido unha hora do abandono”. Suprimindo o texto do apartado “h” e o apartado “i” pasa a ser o “h”.*

*Con base no anteriormente exposto, propoño que o Pleno adopte os seguintes acordos:*

*PRIMEIRO.- Desestimar na súa totalidade a alegación presentada por D<sup>a</sup> Mercedes Rubinos Cortés.*

*SEGUNDO.- Estimar parcialmente a alegación presentada pola Asociación Radio Taxi Monforte representada por D. Antonio Gallego Pérez.*

*TERCEIRO.- Estimar na súa totalidade a alegación presentada por D. Gerardo Aceiro Pérez.*



*CUARTO.- Desestimar na súa totalidade a alegación presentada pola Asociación Profesional de Empresarios do Auto-Taxi.*

*QUINTO.- Aprobar definitivamente a ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXIS, coa redacción definitiva seguinte:*

*“TITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS*

*ARTIGO 1.- OBXECTO.*

*O obxecto da presente Ordenanza é a regulación e ordenación do servizo de taxi prestado ao amparo das licenzas de taxi do Concello de Monforte de Lemos, dentro do termo municipal de Monforte de Lemos.*

*Para tal fin, seguirase o procedemento regulado na normativa da Consellería competente en materia de transportes, da Xunta de Galicia, realizando os trámites que sexan pertinentes.*

*ARTIGO 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN, COMPETENCIA MUNICIPAL.*

*O ámbito de aplicación da presente ordenanza será o termo municipal de Monforte de Lemos.*

*O Concello de Monforte de Lemos intervirá no servizo de taxis a través dos seguintes medios:*

- sometemento a licenza municipal previa.*
- fiscalización da prestación do servizo.*
- informe sobre a solicitude de revisión de tarifas do servizo.*
- disposicións complementarias para a prestación do servizo.*
- calquera outra atribución establecida na normativa de aplicación na materia.*

*ARTIGO 3.- DEFINICIÓNS.*

*Aos efectos da presente ordenanza enténdese por:*

- a) servizo de taxi: transporte público discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi que se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.*
- b) servizos urbanos: os servizos de taxi que transcorren integramente polo termo municipal do Concello de Monforte de Lemos ou, de ser o caso, dunha área territorial de prestación conxunta establecida dacordo co previsto na normativa aplicable.*
- c) servizos interurbanos: os que non estean comprendidos na definición anterior.*
- d) áreas territoriais de prestación conxunta: as áreas xeográficas de carácter supramunicipal que poden ser constituídas de conformidade coa lei cando existe interacción ou influencia recíproca entre os servizos de taxi dos municipios que as*



*integran.*

- e) transporte público: aquel transporte que se desenvolva por conta allea mediante retribución económica.*
- f) transporte discrecional: transporte que se efectúa sen suxeición a un itinerario, calendario ou horario preestablecido.*
- g) titular: persoa que dispón dos títulos habilitantes precisos para a prestación de servizos de transporte público de persoas en vehículos de turismo.*
- h) condutor ou condutora de vehículo de turismo de transporte público de persoas: persoa física que guía un vehículo de turismo dedicado á prestación dos servizos de taxi, ben por ser titular dos títulos habilitantes requiridos na normativa, ben por ser asalariado daquel, e que dispón do permiso de condución esixido na lexislación vixente e conta coa correspondente capacitación profesional establecida legalmente.*

*Estarase ao establecido na normativa aplicable á materia en aqueles conceptos non definidos na presente ordenanza.*

#### **ARTIGO 4.- PRINCIPIOS**

*O transporte de persoas en taxi axustarase aos principios de:*

- a) responsabilidade pública, fundamentada no interese xeral do transporte público de persoas en vehículos de turismo, coa finalidade de garantir que a prestación dese servizo se faga en condicións de calidade e suficiencia ás persoas consumidoras e usuarias e de fomento da competencia entre operadores.*
- b) universalidade, accesibilidade e continuidade na prestación dos servizos de taxi, procurando, particularmente naquelas zonas onde exista unha falta decobertura deles, unha suficiencia do servizo e tamén acadar o equilibrio económico da actividade mediante a limitación no número de habilitacións e o establecemento de tarifas obrigatorias.*
- c) calidade na prestación dos servizos e no respecto dos dereitos das persoas usuarias recoñecidos pola lexislación vixente e a incorporación dos avances técnicos que permitan a mellora das condicións da prestación do servizo e da seguridade persoal dos condutores e condutoras, así como das persoas usuarias, e a protección do medio ambiente.*

#### **ARTIGO 5- RÉXIME XURÍDICO.**

*No non previsto na presente Ordenanza ou nas súas disposicións complementarias será de aplicación a normativa en vigor na Comunidade Autónoma de Galicia e, con carácter supletorio as disposicións estatais que lles sexan aplicables.*

#### **TITULO II.- RÉXIME XURIDICO DA ACTIVIDADE DE TAXI.**

##### **CAPITULO I.- TITULOS HABILITANTES**

#### **ARTIGO. 6.- TITULOS HABILITANTES.**



1.- *A prestación do servizo de taxi está suxeita á obtención previa dos correspondentes títulos administrativos que habiliten aos seus titulares para exercer dita actividade: obtención da licenza de taxi e autorización interurbana de taxi segundo a normativa vixente.*

2.- *Constitúen títulos habilitantes para a prestación dos servizos de taxi os seguintes:*

- *as licenzas de taxi: habilitan para a prestación dos servizos urbanos de taxi sendo outorgadas polo Concello ou, de ser o caso, pola entidade que asuma a xestión dunha área territorial conxunta que se poida crear segundo o disposto na normativa vixente.*
- *as autorizacións interurbanas de taxi: permiten a prestación dos servizos interurbanos de taxi e son outorgadas polo órgano competente da Consellería que teña atribuídas as competencias en materia de transportes.*

3.- *Corresponde ó Concello de Monforte de Lemos o outorgamento da licenza de taxi no ámbito urbano (entendendo como tal o conxunto do Concello) e ó órgano competente da Xunta de Galicia en materia de transporte a concesión da autorización interurbana.*

4.- *As licenzas de taxi e as autorizacións interurbanas de taxi estarán vinculadas e a súa obtención efectuarase mediante o procedemento regulado na normativa aplicable*

5.- *Os títulos habilitantes outorgaranse sen prazo de duración prefixado, benque a súa validez quedará condicionada ao seu visado periódico por parte do órgano ou órganos competentes, en cada caso, segundo o establecido ao efecto pola normativa vixente.*

#### **ARTIGO 7.- REQUISITOS PARA A TRAMITACIÓN DA TITULARIDADE DA LICENCIA DE TAXI.**

*Para a prestación do servizo de taxi, requirirase a previa obtención da licenza municipal de taxi, concedida polo Concello de Monforte de Lemos e autorización interurbana outorgada pola Xunta de Galicia.*

*Só poderán ser titulares de licenzas de taxi as persoas físicas que acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente aplicable á materia.*

#### **ARTIGO 8.- NÚMERO MÁXIMO DE LICENZAS.**

*O número máximo de licenzas das que disporá o Concello de Monforte de Lemos será segundo o establecido na Lei e no Regulamento de Transporte Público de persoas en vehículos de turismo en Galicia.*

*Como regra xeral, o número máximo de licenzas de taxi por cada municipio será o previsto no artigo 6.2 de Lei 4/2013, que tendo en conta a poboación existente na actualidade no Concello de Monforte de Lemos, corresponden 17 licenzas.*

*Non obstante, o Concello establece, segundo o Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei, no seu artigo 5.3, que os Concellos poderán establecer para o seu ámbito territorial un continxentamento específico superior ao que resultaría de aplicar o previsto no artigo 6.2 da Lei 4/2013, do 30 de maio, establecendo para o Concello de Monforte de Lemos o número de 20 licenzas.*



*Para tal fin, seguirase o procedemento regulado pola normativa da Consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia, tramitando o oportuno procedemento.*

*Dado que na actualidade o número de licenzas con que conta o Concello de Monforte de Lemos é de 29, poderá reducirse o número de prazas actuais con carácter voluntario cando se produzan xubilacións ou baixas definitivas por incapacidade dos titulares, realizando unha compensación pola licenza afectada que será sufragada polo resto de taxistas que permanezan en activo, a través dunha cota que dea lugar a creación dun fondo con ese obxectivo e que se valorará a prezo de mercado.*

*Acadado o obxectivo de redución dalgunha praza, o afectado e o resto de taxistas solicitarán ao Concello a súa amortización, reducíndose o número de licenzas ata chegar o número límite de vinte prazas establecido na presente Ordenanza.*

*Non se concederán novas licenzas de taxi á persoa que xa estea en posesión doutra licenza dende a entrada en vigor da presente ordenanza, respectando a situación actual.*

*Deberase contar co número mínimo de licenzas de vehículos adaptados establecido pola normativa de aplicación.*

*A persoa titular da licenza de taxi terá plena e exclusiva dedicación a actividade de taxi. Non se poderá ser titular de licenzas de taxi en distintos Concellos.*

#### **ARTIGO 9.- ADXUDICACIÓN E OUTORGAMENTO DE LICENZAS.**

- a) As licenzas de taxi serán outorgadas polo Concello ou pola entidade competente no suposto de áreas territoriais de prestación conxunta e mediante concurso público ao cal se poderán presentar as persoas que cumpran os requisitos para seren titulares, e sempre cumprindo cos requisitos establecidos na normativa autonómica e estatal aplicable.*
- b) O concello poderá proceder a convocatoria de novas licenzas de taxi, logo da verificación da existencia de dispoñibilidade, segundo o procedemento establecido na normativa autonómica e estatal aplicable.*
- c) No suposto de ser necesarias novas licenzas de taxi, o Concello convocará concurso público para a concesión das mesmas, tendo prioridade as persoas que non teñan outras licenzas. De non ser o caso, non se adxudicarán máis de dúas licenzas por persoa en cumprimento da normativa vixente.*

#### **ARTIGO 10.- SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DAS LICENZAS DE TAXI.**

*En canto á suspensión temporal e extinción das licenzas de taxi estarase ao establecido na normativa de aplicación.*

#### **ARTIGO 11.- AUTORIZACIÓNS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TAXI INTERURBANO.**

*Estarase ó establecido na normativa de aplicación.*



**ARTIGO 12.- VINCULACIÓN DE LICENZAS DE TAXI E AUTORIZACIÓN INTERURBANAS DE TAXI.**

*As licenzas de taxi e as autorizacións interurbanas de taxi estarán vinculadas, sendo preciso dispor de ámbolos dous títulos para a realización da actividade, o que implica que a suspensión ou extinción dun título habilitante conlevará a suspensión ou a extinción do outro ao que estea vinculado.*

*O procedemento coordinado para o outorgamento das licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi será o establecido na normativa autonómica vixente.*

**ARTIGO 13.- TRANSMISIONS DE TITULOS HABILITANTES.**

*En relación á transmisión de títulos habilitantes estarase ao establecido na normativa vixente aplicable á materia.*

*A persoa que transmita unha licenza de taxi non poderá volver a ser titular doutra licenza de taxi no Concello de Monforte de Lemos ata que non transcorra un período de cinco anos dende a transmisión.*

**ARTIGO 14.- PROHIBICIÓNS.**

*Non se poderá realizar ningún tipo de negocio xurídico que comporte a transmisión das licenzas de taxi e das autorizacións interurbanas de taxi, e dos vehículos afectos a elas, ao marxe do procedemento legalmente establecido nesta ordenanza e na lexislación vixente n materia.*

*Non se permitirá o arrendamento ou calquera outro negocio xurídico que comporte a cesión da explotación das licenzas ou a transmisión das mesmas e dos vehículos afectos a éstas fora do estipulado nesta ordenanza.*

*No caso de que calquera destas operación se fagan e o Concello teña coñecemento destes feitos serán sancionadas coa perda da concesión da licenza, ao estar considerada unha infracción moi grave segundo dispón o art. 56 do Regulamento e o art. 63 da Lei.*

*A cesión do uso da licenza ou calquera outro acto translativo de posesión desta que se realice sen a previa autorización do Concello de Monforte de Lemos contravindo as disposicións desta ordenanza, será declarada nula e será sancionada co disposto no presente artigo.*

**ARTIGO 15.- REXISTRO MUNICIPAL DE TITULOS HABILITANTES**

- a) O Concello de Monforte de Lemos disporá dun rexistro público de licenzas de taxi e de autorizacións interurbanas de taxi no cal figuren a identificación da persoa titular, o domicilio para efectos de notificacións administrativas, os vehículos e os condutores ou condutoras adscritos ós títulos habilitantes e a súa vixencia ou suspensión, así como calquera outro dato ou circunstancia que se considere procedente.*
- b) Os titulares das licenzas de taxi e de autorizacións interurbanas de taxi están obrigados a comunicar os cambios de domicilio e demais datos e circunstancias que*



*figuran no rexistro municipal de títulos habilitantes no prazo dun mes dende que se produza o cambio.*

- c) *O acceso, o tratamento ou a cesión de datos consignados no dito rexistro axustarase á normativa vixente en materia de rexistros administrativos e de protección de datos persoais. Serán públicos, en todo caso, os datos referidos á identificación do titular das licenzas de taxi e das autorizacións interurbanas de taxi e mais dos vehículos e dos condutores ou condutoras adscritos a estes, así como a vixencia, a suspensión ou a extinción dos títulos habilitantes.*

## **CAPITULO II. EXERCICIO DA ACTIVIDADE DE TAXI.**

### **Sección 1ª. DOS CONDUTORES E CONDUTORAS.**

#### **ARTIGO 16.- PRESTACIÓN DO SERVIZO**

- a) *As persoas titulares de licenzas de taxi e de autorizacións interurbanas de taxi deberán prestar o servizo persoalmente, sen prexuízo da posibilidade de poder contratar persoas condutoras asalariadas que figurarán a xornada completa e con dedicación exclusiva.*
- b) *Cada licenza de taxi ou autorización interurbana de taxi non poderá ter adscritas mais de dúas persoas condutoras asalariadas, incluída a persoa titular.*
- c) *A relación entre as persoas condutoras asalariadas e as titulares das licenzas de taxi será de carácter laboral.*
- d) *Os titulares de máis dunha licenza deberán acreditar, ante o Concello de Monforte de Lemos, que exercen a actividade persoalmente nunha das licenzas e poderán explotala a outra mediante persoal condutor asalariado. A persoa titular, sempre que lle sexa requirido, deberá xustificar o cumprimento das prescricións legais en material laboral e de seguridade social relativas ás persoas asalariadas.*

*En todo o non recollido no presente artigo deberase atender á normativa vixente aplicable na materia.*

#### **ARTIGO 17.- CONDICIÓNS ESIXIBLES.**

*Os condutores deberán posuír o correspondente permiso de condución establecido na normativa vixente e dispor da correspondente capacitación profesional que se estableza.*

### **Sección 2ª DOS VEHÍCULOS AFECTOS ÁS LICENZAS.**

#### **ARTIGO 18.- REQUISITOS DOS VEHÍCULOS.**

*Os vehículos adicados á actividade de taxi deberán estar clasificados como turismos e deben cumprir cos requisitos establecidos pola normativa en canto ás súas condicións de seguridade, capacidade, antigüidade máxima, confort e prestacións adecuadas ó servizo ó que están adscritos.*

#### **ARTIGO 19.- NÚMERO DE PRAZAS.**



*Con carácter xeral o número de prazas dos vehículos afectos ás licenzas de taxi disporán dunha capacidade mínima de cinco prazas e máxima de sete prazas, incluída a persoa condutora. Non obstante o número de prazas poderá variar segundo estableza a normativa vixente aplicable na materia.*

**ARTIGO 20.- SUBSTITUCIÓN.**

*Requírese para a substitución do vehículo afecto á licenza ou autorización interurbana, que o vehículo substituínte sexa máis novo que o substituído, reúna as condicións establecidas pola normativa para a prestación do servizo e que se conceda autorización polo Concello.*

**ARTIGO 21.- VEHÍCULOS ADAPTADOS.**

- a) En canto á existencia de vehículos adaptados para transportar persoas usuarias con mobilidade reducida ou en cadeiras de rodas estarase á normativa aplicable á materia.*
- b) Os vehículos adaptados darán servizo preferente ás persoas con mobilidade reducida pero non terán ese uso exclusivo.*
- c) En canto ó número de vehículos adaptados atenderase á normativa aplicable á materia.*

**ARTIGO 22.- IMAXE.**

- a) Os vehículos destinados ao servizo de taxi no Concello de Monforte de Lemos serán de cor branco.*
- b) Farase constar no exterior do vehículo, no centro das dúas portas dianteiras do mesmo, o número de licenza municipal así como o escudo do Concello de Monforte de Lemos. Estes distintivos terán as dimensións e cores que estableza o Concello, e deberán ser, en calquera caso, claramente visibles.*
- c) No interior do vehículo, e en lugar visible, colocarse unha placa co número de licenza municipal e o número de prazas autorizadas.*

**ARTIGO 23.- PUBLICIDADE**

- a) O Concello de Monforte de Lemos poderá establecer campañas de promoción publicitaria institucional na parte traseira dos vehículos adscritos o servizo de taxi. As citadas campañas serán costeadas polo Concello de Monforte de Lemos, e non suporán gasto algún para os taxistas.*
- b) O Concello de Monforte de Lemos poderá autorizar os titulares das licenzas de taxi a contratación e colocación de anuncios publicitarios comerciais nos laterais e no frontal do exterior do vehículo, debendo comunicar previamente ao Concello a posible colocación para a concesión da autorización.*
- c) A colocación de publicidade sen autorización municipal poderá dar lugar a sancións que poden levar á perda da autorización para a colocación de publicidade por un prazo de seis meses.*
- d) A publicidade nos vehículos non pode impedir a visibilidade do escudo do Concello e da placa co número de licenza.*
- e) En relación ao establecido nos puntos anteriores estarase ao establecido na normativa de tráfico e seguridade vial vixente e autorizarase sempre que se*





*conserve a estética do vehículo, que a publicidade non impida a visibilidade nin xere perigo e respecte en todo caso os requisitos de imaxe unificada que estableza a normativa vixente.*

- f) *Prohíbese toda publicidade sexista, a que atente contra os dereitos das persoas ou que se refira a bebidas alcohólicas, tabaco, xogo ou outros produtos cuxa publicidade estea limitada pola normativa de aplicación.*

*En todo caso non poderá contradicirse o establecido na normativa sobre tráfico e seguridade vial.*

### *Sección 3ª. DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TAXI.*

#### *ARTIGO 24.- CONCERTACIÓN*

*A concertación do servizo de taxi efectuarase por petición da persoa usuaria:*

- Nas paradas establecidas*
- Mediante chamada na vía pública*
- Mediante aplicacións destinadas ao uso ou a través de calquera medioestablecido pola normativa vixente*

*Asemade atenderase ó establecido na normativa vixente para o suposto de concertación do servizo na vía pública e atenderase sempre ó establecido nas disposicións sobre tráfico e seguridade vial.*

*A contratación do servizo, levarase a cabo mediante a contratación da capacidade total do vehículo, salvo que se aprrobe ou estableza outra forma polo órgano competente, e sempre cumprindo o establecido na normativa vixente.*

*Cando os taxis non estean ocupados por pasaxeiros, deberan estar circulando ou situados nas paradas sinaladas ao efecto e relacionadas na presente ordenanza, a non ser que deban estacionar noutros lugares seguindo as instrucións do usuario, ou por outras necesidades xustificadas sempre que o lugar do estacionamento esté autorizado.*

#### *ARTIGO 25.- INICIACIÓN DO SERVIZO.*

- a) Os vehículos taxis, cando non estean ocupados, xa sexa nas paradas ou en circulación, para indicar a situación de "libre", deberán levar encendida na parte superior dianteira da carrocería e conectada o aparato taxímetro, unha luz verde que se apagará ó ocuparse o vehículo.*
- b) Cando se trate dun servizo contratado por emisora, teléfono ou outro medio telemático, o servizo entenderase iniciado onde estivera o vehículo pero sen que en ningún caso puidera superarse a tarifa fixada como mínima cando recolla ó usuario.*
- c) Para poder acceder as rúas peonís, os titulares de licenzas de taxi, deberán solicitalo ó Concello e cando presten algún servizo recollido nesta Ordenanza, avisarán á Policía Local.*
- d) Os taxis poderán acceder a zoas peonís ou semipeonís cando vaian a recoller ou deixar viaxeiros con orixe ou destino na zona e se trate de persoas de idade avanzada, con problemas de mobilidade ou que transporten maletas ou outros vultos análogos, debendo avisar a Policía Local.*



- e) *Os taxis poderán realizar unha parada para recoller viaxeiros ou cargar ou descargar maletas ou vultos análogos, debendo buscar o lugar mais adecuado e onde menos se entorpeza a circulación, no mesmo sentido no relativo a baixar o condutor do vehículo.*

**ARTIGO 26.- PARADAS.**

- a) *Establécense no Concello de Monforte de Lemos os seguintes lugares de parada na que os taxis poderán estacionar á espera de pasaxeiros*
- *Avenida de Galicia.*
  - *Estación de Renfe.*
  - *Centro de Saúde.*
  - *Hospital Comarcal de Monforte de Lemos.*
  - *Estación de Autobuses.*

*Non obstante as ubicacións concretas das paradas poderán ser modificadas por acordo da Xunta de Goberno, en función das circunstancias motivadas concurrentes en cada caso.*

- b) *As paradas establecidas estarán correctamente sinalizadas e contarán con accesos a persoas con mobilidade reducida.*
- c) *Establécese a liberdade de parada. Os titulares de licenzas de taxi poderán facer uso dos teléfonos 982401435 (sito na Avenida de Galicia) e no 982401002 (sito na Estación de Renfe) e os instalados, no seu caso, en todas as paradas reguladas na presente ordenanza. Ditos números de teléfono pasarán a ser de titularidade municipal, podendo ser usados pola totalidade dos taxistas.*

*No suposto de que houbera algunha dificultade para municipalizar os teléfonos existentes, serán contratadas unhas novas liñas na mesma ubicación que as actuais e suprimiranse as existentes por non contar coa autorización municipal de ocupación de dominio público. Ámbolos dous teléfonos serán de recepción de chamadas, non podendo realizarse chamadas desde os mesmos.*

- d) *Nas paradas a preferencia virá determinada por orde de chegada dos usuarios e por orde de estacionamento.*
- e) *Non poderá pararse un taxi nas cercanías das paradas cando nas mesmas houbese taxis libres ou usuarios esperando con excepción das persoas con mobilidade reducida.*
- f) *A parada do Hospital Comarcal deberá estar cuberta todos os días pola tarde, debéndose prestar o servizo de forma rotatoria, por número de licenza.*
- g) *Si calquera dos taxistas que prestan o servizo abandonasen a parada onde se atopen, sen causa xustificada, non poderán incorporarse á mesma parada ata transcorrida unha hora do abandono.*
- h) *Os titulares de licenza de taxi poderán agruparse en asociacións profesionais, tendo todos eles a mesma consideración na súa relación co Concello.*

**ARTIGO 27.- HORARIOS.**

- a) *Os vehículos deberán prestar o servizo público de maneira continuada durante as 24 horas do día, salvo o disposto en materia de descansos e vacacións. O día de libranza os taxistas non poderán ir ás paradas pero poderán prestar o servizo para empresas ou administracións coas cales teñan contrato.*



- b) Coa finalidade de manter o servizo realizaranse quendas de traballo para así contribuír á mellora da atención cidadá e da correcta distribución do traballo axuntándose á demanda.

Os representantes das asociacións de taxistas, representativas do sector, presentaran antes do 15 de decembro do ano natural acordo de quendas para o ano seguinte. No acordo presentado deberá cubrirse o servizo na totalidade das paradas reflexadas na presente ordenanza, por calquera dos medios permitidos.

No suposto de que ditas asociacións non presenten no prazo establecido o acordo de quendas, éste será realizado polo Concello e lles será remitido para o seu cumprimento. Os titulares de licenzas non adscritos a ningunha organización, deberán cumprir co acordado e/ou autorizado polo Concello.

- c) Nas datas de celebración de eventos do Concello de Monforte de Lemos, haberá liberdade de quendas. Dende o Concello determinaranse ó final de cada ano e antes da realización das quendas, as datas de celebración dos citados eventos, se fose posible, cunha anterioridade de dous meses.
- d) Os descansos de fin de semana e festivos efectuaranse por número de licenza correlativa, non poderán realizar ningunha prestación de servizos o día de descanso dentro do termo municipal, podendo prestar servizos fóra do Concello, ou para servizos de empresas ou administracións previamente contratado.
- e) Durante os días das Festas Patronais do Concello de Monforte de Lemos e o día 1 de xaneiro, todos os vehículos deberán prestar servizo.
- f) Os descansos que se establezan e as gardas serán obrigatorias para todos os titulares de licenzas de taxi de Monforte de Lemos e dos seus empregados.
- g) As gardas nocturnas son obrigatorias, establecendo os turnos as asociacións de taxistas rexistradas no Concello, ou de non producirse o citado acordo as que éste dispoña.

### CAPITULO III. RÉXIME ECONÓMICO.

#### ARTIGO 28.- RÉXIME ECONÓMICO.

- a) A prestación do servizo de taxi estará suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias establecidas normativamente que terán que garantir a cobertura do coste real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitirán unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial. O réxime tarifario e vinculante e obrigatorio para taxistas e usuarios.
- b) En relación ó réxime de tarifación estarase ó establecido na normativa vixente aplicable á materia.
- c) As tarifas aplicables serán visibles para a persoa usuaria dende o interior do vehículo con indicación dos suplementos e das tarifas especiais que proceda aplicar en determinados servizos.
- d) A tramitación dos expedientes de revisión de tarifas do servizo de taxis, sen prexuízo da posibilidade de actuación de oficio polo Concello, iniciarase previa solicitude presentada polas asociacións do sector no Concello, antes do 15 de setembro do ano anterior ó ano obxecto de revisión das tarifas, para a súa tramitación diante do órgano competente da Xunta de Galicia.



*En caso de que a solicitude non fora presentada no período sinalado, entenderáanse prorrogados os prezos vixentes, e o Concello comunicarallo á Comisión de Prezos de Galicia.*

**ARTIGO 29.- TAXÍMETRO.**

- a) *Os vehículos que presten o servizo de taxi estarán equipados cun aparello taxímetro debidamente precintado, homologado e verificado dacordo coas normas establecidas polo órgano competente en materia de metroloxía, co fin de determinar o prezo de cada servizo. Ó mesmo incorporará impresora de factura.*
- b) *O taxímetro situarase no terzo central da parte dianteira do vehículo, co fin de permitir a súa visualización polo usuarios tendo que estar iluminado mentres estea en funcionamento.*
- c) *Os taxis estarán equipados cun módulo luminoso exterior que sinala, claramente, e cumprindo en todo momento coa normativa técnica aplicable, tanto a súa dispoñibilidade para prestar o servizo como a tarifa que resulte aplicable.*

**CAPITULO VI. ESTATUTO XURÍDICO DAS PERSOAS USUARIAS DO TAXI.**

**ARTIGO 30.- DEREITOS DOS USUARIOS.**

*En canto ós dereitos dos usuarios do servizo de taxi estarase ó establecido na normativa vixente de aplicación na materia.*

**ARTIGO 31.-DEBERES DOS USUARIOS.**

*En canto ós deberes das persoas usuarias do servizo de taxi estarase ó establecido na normativa vixente de aplicación na materia.*

**TÍTULO III. INSPECCIÓN, INFRACCIÓN, SANCIÓN E PROCEDIMENTO SANCIONADOR.**

**ARTIGO 32.- INSPECCIÓN**

- a) *A actividade de transporte de persoas en vehículos de turismo someteranse a control administrativo.*
- b) *A función inspectora exercerase de oficio ou a instancia de parte e ten como finalidade garantir a adecuación da actividade de transporte de persoas en vehículos de turismo ó establecido pola normativa vixente.*
- c) *As funcións de vixilancia e inspección do servizo de taxi corresponderán ó servizo da Policía Local do Concello de Monforte de Lemos, podendo ser verificada a queixa de parte, por outro persoal municipal, sen prexuízo das competencias que outras administracións públicas teñan atribuídas.*
- d) *O persoal inspector terá recoñecido o carácter e a potestade de autoridade pública, estando provisto de documento acreditativo da súa condición, expedido pola administración competente, e que deberá ser exhibido con carácter previo ó exercicio das súas funcións. Asemade os feitos constatados nas actas gozarán de presunción de veracidade e terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar as persoas interesadas.*
- e) *Os axentes da autoridade pertencentes o Corpo da Policía Local do Concello de*



*Monforte de Lemos serán os encargados da función de inspección, sendo axentes da autoridade, e identificándose co distintivo do que dispoñen como tal.*

*Na actividade de inspección estarase ao disposto no TÍTULO IV Capítulo I da Lei 4/2013, de 30 de maio, do transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, e disposicións de desenvolvemento.*

#### ARTIGO 33.- INFRACCIÓNS.

- a) En relación ás regras sobre a responsabilidade administrativa polas infraccións cometidas estarase ó establecido na normativa de aplicación ó respecto.*
- b) Son infraccións as accións e as omisións que contraveñan as obrigas establecidas pola normativa aplicable á materia a título de dolo, culpa ou simplemente inobservancia.*
- c) As infraccións calificaranse en leves, graves e moi graves.*
- d) Atenderase á normativa aplicable á materia en canto á consideración das infraccións como leves, graves ou moi graves.*

*Na cualificación das infraccións estarase ao disposto no TÍTULO IV Capítulo II da Lei 4/2013, de 30 de maio, do transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, e disposicións de desenvolvemento.*

#### ARTIGO 34.- SANCIÓN S.

- a) Atenderase á normativa aplicable nesta materia en canto á contía da sanción que se impoña pola comisión de infraccións leves, graves ou moi graves referidas no artigo anterior.*
- b) A competencia para a imposición das sancións establecidas no apartado anterior respecto da prestación dos servizos urbanos de taxi corresponderá ó órgano municipal correspondente; no resto dos supostos corresponderá ó órgano competente en materia de transportes da Administración Autonómica.*

*No que se refire as sancións procedentes en función das infraccións cometidas estarase ao disposto no TÍTULO IV Capítulo III da Lei 4/2013, de 30 de maio, do transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, e disposicións de desenvolvemento.*

#### ARTIGO 35.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR.

*O procedemento para a imposición de sancións será o establecido na normativa de procedemento xeral.*

*A prescrición das infraccións e sancións que se xeren consecuencia da aplicación da presente ordenanza será a establecida na normativa vixente e aplicable á materia.*

*Polo exposto tanto na tramitación dos procedementos como na regras de cómputo da prescrición d einfraccións e sancións estarase ao disposto no TÍTULO IV Capítulo IV da Lei 4/2013, de 30 de maio, do transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, e disposicións de desenvolvemento.*



*DISPOSICIÓN ADICIONAL.*

*Os aspectos non regulados na presente ordenanza rexeranse polo disposto na normativa vixente aplicable á materia.*

*DISPOSICION DEROGATORIA*

*Queda derogada, na súa totalidade, a anterior Ordenanza Municipal reguladora do servizo.*

*DISPOSICION FINAL*

*A presente ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez di que pode chegar a concordar máis ou menos, di que no suposto abandono por causa xustificada, habería que limitar que causar son xustificadas e cales non, iso é o que lle traslada o sector. Dicitur que agora se fixeron alegacións e se aceptaron, non se debería chegar a este termo, xa que tivo o borrador e se tiveron reunións co persoal do sector, moitas destas alegacións, fora ben que nesas xuntanzas se chegara a un acordo e non tiveran que presentar alegacións. Dicitur que agora que se vai ter ordenanza, habería que ir pensando a posibilidade de artellar ese servizo público de taxi a demanda.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que van aprobar como aproban todo o que traen. Di que existen queixas de ambas asociacións, di que eles non se inventan nada. Tan consensuado con eles non debería estar, porque non entenden algunhas cousas que lles demandan. O tema de rebaixar o número de licenzas, iso queda sen ningún criterio, queda a criterio das dúas asociacións para que se poñan de acordo, non se puxeron de acordo no tema do teléfono. Di que el cre faltou un pouco de man esquerda para intentar poñelos de acordo, incidir no tema máis importante o deterioro do sector, si que é certo que o tema do bus lles influíu, seguir insistindo en que esas queixas chegaron, vostede aínda que negaba as propias alegacións falan das queixas. Sinala que é algo que non entenden, di que un dos graves problemas é a falla de traballo, non se puxeron de acordo no tema de ir reducidno as licenzas.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela amosando as súas condolencias no suceso ocorrido o domingo. Congratulase que se aceptaran as alegacións en canto aos descansos. Fala da primeira alegación, lamenta que o concello non modifícase o artigo 8, di que todos están de acordo que hai máis licenzas das que correspondería por poboación, isto é un problema que se debería solucionar, entenden que é necesario a amortización das licenzas, pero consideran que xa o están pasando mal os autónomos, para que se teña que soportar máis carga económica, se realmente hai unha sobredimensión de licenzas é unha responsabilidade da entidade local, do concello, polo tanto debe soportar esta amortización o propio Concello, tamén comparten as alegacións do artigo 22 en canto á protesta do da publicidade nos coches, hai taxistas que non queren poñer publicidade, respaldan a alegación dos taxistas e lles houbese gustado que se houbese modificado. Di que lle chama a atención a falta de argumentos á hora de desestimar as alegacións, non lle parece ben que se argumente co erro no número de artigos, estase a falar de cidadáns que



coa súa sencillez e honradez queren facer valer os seus dereitos, hai que ver máis o contido e non o articulado. En canto a que as guardias sexan presencias, lles gustaría que se entendese a indiosincrasia de Monforte de Lemos, que non é o mesmo facer gardas no mes de xullo que no mes de xaneiro a baixo cero, podería solucionarse con algún tipo de instalación que lles puidese cubrir do frío. Chegados a este punto lles faltan máis informes técnicos xurídicos de porque rexeitan estas alegacións, recurren ao artigo 172.1 do RBL os expedinetes se informarn no segundo punto segue falandodos informes xurídico técnicos tan importante, fala do informe do secretario que se repite que o único que fai e explicar o procedemento pero non entra no fondo da ordenanza, RD 128/2018 bota en falla un informe técnico xurídico no que se fundamente, por iso motivo o uso do artigo 92 do ROF noque se pretende que se deixan sobre a mesa, e se redacte ese informe xurídico de porque non se modifican eses artigos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que cando se quere armar controversia se arma. O que se pode dicir dende fai tempo se tiveron varias reunións cos taxistas coas dúas asociacións, nas que participou el mesmo e a tenente de alcalde e que, o groso modo da ordenanza é máis lle pasaron unha copia de que lles valía a ordenanza de Viveiro, cunhas melloras que había que adecualas a Monforte, a ordenanza de Monforte non dista moito da de Viveiro, básicamente foi a que eles pediron. Si que se informou no primeiro pleno, cando veu a pleno se lles deu o texto que se había aprobado, pode haber un erro nos artigos, ocorreu con varios dos artigos. Aceptouse practicamente todo, di que teñen os escritos presentados, aceptaron todo o que pediron nas propostas iniciais, xa que cando estaba publicado nas alegacións aceptouse o artigo 26 apartado h), aceptouse o tema dos descansos, aceptáronse as gardas, o tema dos permisos na zona peatonal, a inmensa maioría das súas propostas. Hai dúas que non se aceptaron porque non pode ser, en vez de haber dúas asociacións, imaxinen que hai tres ou catro, e se teñen tres ou catro teléfonos, nunha rúa pública haxa un teléfono privativo non, eles que queren ter o servizo ou fastidiar uns aos outros, a rúa non é privativa, un teléfono novo para uso de todos, todos teñen que ter o mesmo acceso a unha chamada "que locura é esta", o que queren é que todos os taxistas teñen o acceso ao servizo de telefonía por orde de situación na parada, tampouco aceptan o da supresión de licenzas pagada polo Concello. Comentou co Secretario a ilegalidade do que piden, concédense as licenzas gratuitas e o que queren que as recupere o Concello e pague, o Concello non pode pagar isto porque concedeu licenzas gratis. Di que agora hai unha lei que aprobou o parlamento de Galicia, que di que o recomendable que a entono a 1.100 habitantes unha licenza de taxi, en vez de poñer 17 puxéronse 20, para chegar a esas 20 cando un se xubilen, eles xa o fixeron xa se amortizou unha praza. O demais practicamente aceptouse todo senón literal, en parte, iso é o que importa.

Dille a D. Germán que cada vez o entende menos, parece que estamos nun país que vai ao desastre, Monforte vai mellor, en todo caso vostede pensa ao revés do que pensan os monfortinos. Vostede pode dicir o que queira, Monforte está mellor, o polígono está mellor, as zonas verdes, o alumeado, o saneamento etc, onde está o desastre que di vostede, a realidade é a que é.

Dille a D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que a ordenanza cumpre cos todos os requisitos legais, senón estaría informada negativamente, hai un informe favorable. Por outra banda, fala vostede da publicidade, os Concellos teñen que aprobar a publicidade dos taxis, solicítana ao Concello e o Concello a aproba, e logo da publicidade institucional, como calquera outro Concello, se hai que facer unha campaña a nivel institucional de interese público para a cidadanía teñen obriga de levala. Deixar riba da mesa, hai que votalo porque vostede o pide, manifesta que votarán en contra. Di que teñen o compromiso que eles que alí onde



estaba o teléfono actual, se poñera unha marquesiña pequena na que estará instalada o teléfono público para todos os taxistas.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que fixo un repaso das bondades de “jauja”, pero non dixo nese apartado g) do artigo 26 cales son as causas xustificadas.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que se vostedes se reuniron con eles tantas veces como din, se todo está feito de boas, se so fixeron case alegacións, porque non os chaman e intentan consensuar doutra maneira.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicindo que hai alegacións que están de acordo, entenden que o teléfono debe ser do Concello e usado polas dúas asociacións. A esas dúas alegacións dende o inicio deste procedemento, fala da amortización das prazas, vostrede mesmo acaba de dicir que sería unha ilegalidade, se de deron gratis porque hai que pagar agora para unha amortización, por iso lles falta un informe porque ten que haber ese fondo de compensación, porque non pode o Concello decretar unha amortización desas licenzas sen que haxa custo, un informe en detalle. O mesmo sucede co tema da publicidade, ninguen o discute, o único que se piden que eles decidan se a poñen ou non, cren que como aquí hai intereses contrapostos entre o Concello e os taxistas como titulares do vehículo, polo que cren necesario que haxa ese informe. Non din que a ordenanza non cumpra os requisitos legais, os secretarios son seres humanos que se poden equivocar, estando dicindo o porqué iso se establece así.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non sabe quén lle dixo a vostede D. Emilio iso que di, sinala que o ten por escrito. Di que eles teñen a proposta por escrito desa supresión por unha hora de estar na parada, foi expresamente pedido por eles que está asinada e pedida por eles. Dille a D. Germán que xa se reuniron con eles, xa se fixo, por moito que se repita non deixou de ocorrer, as visitas están rexistradas, iso xa foi falado. As asociacións poden propoñer pero non poden dicidir, todo foi falado con eles.

Dille a D<sup>a</sup> Kathreinie a publicidade se é institucional non pode ser opcional. Como é que o Concello concedeu gratis a licenza, como vai pagar agora, porque é un beneficio para o resto do colectivo. Non está nada mal que unha pequena parte revirtan, para que haxa menos licenzas.

Vótase a proposta do Partido Popular de deixar riba da mesa o asunto, con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, unha abstención do concelleiro BNG e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Sometido o asunto a votación apróbase definitivamente por maioría, con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto.

#### **5º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DE FACHADAS, ELEMENTOS CONSTRUTIVOS E SOLARES.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo





Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía:

*“ANTECEDENTES*

*1º.- Con data 26.04.2021 o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adoptou o acordo de aprobación da Consulta Pública de Aprobación da Ordenanza Reguladora de Fachadas, Elementos Constructivos e Solares.*

*2º.- Dita consulta foi publicada, por un período de 15 días naturais na páxina web do Concello de Monforte, coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poideran facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela tiveran a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que se puxeron a súa disposición os documentos necesarios, coa debida claridade e concisión reunindo toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.*

*3º.- Con data 25.10.2021 o Pleno da Corporación prestou aprobación inicial á Ordenanza Reguladora de Fachadas, Elementos Constructivos e Solares.*

*5.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 254 de data 5 de novembro de 2021, inseriuse anuncio relativo á exposición pública da citada ordenanza.*

*6.- No período de exposición presentáronse as seguintes alegacións:*

*.-Con data 09.11.2021 RE 17607 de MERCEDES RUBINOS CORTÉS.*

*.- Con data 10.11.2021 RE 17703 de ABANTE INGENIERÍA SL*

*En relación con ditas alegacións, procede informar:*

*ALEGACIÓN DE ABANTE INGENIERÍA SL*

*En relación coa alegación, proponse aceptala porque complementa o establecido no artigo 4 da presente ordenanza coa inclusión de “exterior ou de outros servizos, e elementos para eventos organizados polo Concello”*

*E, polo tanto procede a engádeda da seguinte expresión “exterior ou de outros servizos, e elementos para eventos organizados polo Concello”*

*ALEGACIÓN DE MERCEDES RUBINOS CORTÉS.*

*En relación coa alegación, proponse rexeitala debido a que os edificios con fachada á vía pública teñen unha servidume forzosa a favor do Concello.*

*Con base no anteriormente exposto propoño que o Pleno adopte os seguintes acordos:*

***PRIMEIRO.- DESESTIMAR, a alegación presentada por D<sup>a</sup> Mercedes Rubinos Cortés.***



**SEGUNDO.-** ESTIMAR, a alegación presentada por Abante Ingeniería SL co a engádegas "exterior ou de outros servizos, e elementos para eventos organizados polo Concello".

**TERCEIRO.-** Aprobar definitivamente a ORDENANZA REGULADORA DE FACHADAS, ELEMENTOS CONSTRUTIVOS E SOLARES, coa redacción definitiva seguinte:

**"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Conseguir unha cidade máis limpa, máis coidada e, en definitiva, máis humana é un obxectivo fundamental de calquera goberno municipal en pleno século XXI. Os cidadáns teñen dereito a vivir nun entorno agradable, no que, ademais da seguridade, os compoñentes estéticos teñen unha importancia fundamental.*

*É deber dos poderes públicos realizar aquelas accións e impulsar aquelas infraestruturas que contribúan a lograr este obxectivo.*

*Pero tamén é responsabilidade da sociedade civil contribuír, no ámbito das súas propiedades e das súas actividades, a lograr esta meta.*

*O Concello de Monforte de Lemos considera fundamental, pois, avanzar no camiño da humanización da nosa cidade para conseguir, en definitiva, un maior benestar para tódolos monfortinos.*

*Neste senso, o Concello de Monforte de Lemos, co obxectivo de conseguir un entorno máis limpo e agradable, así como máis seguro para as persoas e os bens, dita a presente ordenanza de fachadas e solares.*

*Esta ordenanza dítase de conformidade coa lexislación reguladora do réxime local, a lexislación urbanística, o Código Civil e a restante normativa de aplicación.*

*A presente ordenanza é de aplicación xeral no termo municipal do concello de Monforte de Lemos.*

*A presente ordenanza é de obrigado cumprimento para tódalas persoas e actividades que se atopen en funcionamento, exercicio ou uso no termo municipal de Monforte de Lemos.*

*Serán responsables do cumprimento desta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas que ostenten a propiedade dos inmobles ou terreos afectados, así como os promotores das actividades que puidesen vulnerar a presente ordenanza.*

*O establecido na presente ordenanza será de aplicación sen prexuízo do control urbanístico ordinario realizado polo concello de acordo coa lexislación urbanística vixente.*

**Artigo-1- Normas para o mantemento de edificios no solo urbano.**

*Os propietarios de edificios situados dentro do solo urbano deberán manter os mesmos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, coa finalidade de impedir riscos para as persoas e as cousas, impedir perigos para a hixiene colectiva e manter unha imaxe urbana agradable.*



*Neste senso, deberán ser sometidos ós labores de reparación ou mantemento todos aqueles elementos construtivos exteriores das edificacións, que presenten un aspecto descoidado debido ó esgotamento ou deterioro dos mesmos ou a calquera outra causa (pintura en mal estado, invasión de maleza, elementos que presenten riscos de desprendemento, etc.)*

*Esta ordenanza esténdese a todos os elementos construtivos exteriores (fachada, paramentos e cuberta), así como ós demais elementos expostos ó exterior (aleiros, cornixas, gárgolas, canalóns, pretís, galerías, balcóns, ménsulas, chapados, escudos, etc.)*

*Deberase, especialmente, acondicionar todos aqueles elementos construtivos dos edificios (fachadas, medianeiras, etc.) que presenten materiais á vista que deban ser recubertos segundo a normativa urbanística vixente (ladrillos, bloques de cemento, uralita, etc.)*

*Esta ordenanza resulta de aplicación a tódalas edificacións situadas no termo municipal, públicos ou privados, con independencia do seu uso ou destino e antigüidade.*

### **Artigo-2- Inspección técnica de vivendas dos edificios colectivos.**

*En aplicación da lexislación vixente (Decreto 61/2021, de 8 de abril da Xunta de Galicia, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de informes de avaliación dos edificios). Teñen a obriga de encargar a elaboración do informe de avaliación do edificio e presentalo no Rexistro Xeral do Concello para a súa incursión no Rexistro galego de informes de avaliación dos edificios, as persoas propietarias únicas, as agrupacións de persoas propietarias e as comunidades de persoas propietarias de edificios de uso residencial de vivenda colectiva afectada pola división horizontal, cunha antigüidade de máis de 50 anos.*

*Enténdese por edificio de tipoloxía residencial de vivenda colectiva, o composto por máis dunha vivenda, sen prexuízo de que poida conter de maneira simultánea outros usos distintos do residencial.*

*As persoas propietarias de edificios de uso residencial de vivenda colectiva que teñan declaración firme de ruína, non están obrigadas á presentación do Informe de Avaliación de Edificios (IAE), excepto que a normativa municipal establece no seu caso dita necesidade.*

*As persoas obrigadas deberán presentar este informe no Concello no prazo que establece o Decreto 61/2021 cando o edificio alcance a antigüidade determinada.*

*O citado decreto legislativo da Xunta de Galicia faculta ós Concellos para ampliar o prazo de 1 a 3 anos da obriga do Informe de Avaliación de Edificios, e co ánimo de facilitar ás persoas afectadas o cumprimento desta obriga establécese o seguinte calendario:*

*-Ata 1 ano dende a entrada en vigor da ordenanza para os edificios de máis de 70 anos.*

*-Ata 2 anos dende a entrada en vigor da ordenanza para os edificios de máis de 60 anos.*

*-Ata 3 anos dende a entrada en vigor da ordenanza para os edificios de máis de 50 anos.*

### **Artigo-3- Gama de cores das fachadas.**

*Na lexislación vixente (Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no seu artigo 91 Pleno da Corporación 27.12.2021*



*establece as normas de aplicación directa para a adaptación ó ambiente e protección da paisaxe), establécese que para a elección da cor nos materiais, revestimentos e acabados de peches ou fachadas, preferentemente as actuacións que se leven a cabo tomarán como referencia os criterios achegados pola Guía de cor e materiais de Galicia, e polo tanto, teranse en conta as recomendacións da Guía de cor da Xunta de Galicia.*

**Artigo-4- Colocación de elementos de alumado público e para eventos sobre fachadas.**

*En razón do interese xeral municipal establécese unha servidume forzosa a favor do Concello sobre as fachadas dos edificios que dean fronte ás vías públicas municipais, co exclusivo obxectivo de colocar sobre elas as liñas eléctricas, brazos murales, soportes de puntos de luz, caixas de rexistro ou calquera outro elemento da instalación de alumado público exterior ou de outros servizos, e elementos para eventos organizados polo Concello.*

*O exercicio desta servidume farase nas condicións menos molestas e gravosas para o edificio e os seus ocupantes, correndo a cargo do Concello calquera reposición ou reparación das zonas da fachada afectadas polo uso da servidume, producíndose a citada servidume, si fose posible, na unión da xunta de dous edificios para afectar o menos posible a cada un deles.*

**Artigo-5- Normas para o mantemento de terreos e solares.**

- a) *Os propietarios dos terreos que linden coa vía pública deberán pechalos con cerramentos axeitados, situados na alineación oficial e seguindo as prescricións establecidas na normativa urbanística. En todo caso, deberán ser construídos con materiais que garantan a súa estabilidade e conservación. O acabado dos cerramentos deberá ser opaco ata 1,50 metros de alto como mínimo.*

*Os peches dos terreos situados no casco histórico deberán coidar especialmente os aspectos de integración no entorno, dacordo coa normativa urbanística en vigor.*

- b) *O interior dos devanditos terreos deberán manterse libres de residuos e maleza e en condicións de hixiene, ornato e seguridade en xeral.*
- c) *A altura dos cerramentos será a que se indica a continuación, téndose que construír con materiais que garanten a estabilidade e conservación, respectando as seguintes normas:*
- *Terreos e solares en solo urbano: Muro opaco cunha altura de 1,50 metros, podendo chegar ata 2,20 metros coa colocación dunha valla metálica ou outros elementos constructivos non opacos.*
  - *Terreos e solares dentro do ámbito do casco histórico: Muro con material de mampostería de pedra cunha altura máxima de 1,50 metros, ou en todo caso, tal como se recolle no Plan Especial.*

**Artigo-6- Licencia municipal.**

*As actuacións encamiñadas a dar cumprimento ós aspectos regulados nos artigos 1 e 2 deberán contar coa preceptiva licenza municipal.*



#### **Artigo-7- Determinación dos terreos e solares.**

*Para a catalogación dos terreos ós que se refire esta ordenanza, será de aplicación a definición e aspectos que contemplan as normas urbanísticas vixentes no concello de Monforte de Lemos.*

#### **Artigo-8- Procedemento.**

*O procedemento para esixir o cumprimento do establecido na presente ordenanza pódese iniciar de oficio ou a instancia de calquera persoa que teña constancia do seu incumprimento.*

*O incumprimento do establecido nesta ordenanza facultará ó concello para facer uso das súas facultades permanentes de policía urbanística e ordear a execución das medidas necesarias para facela cumprir.*

*O Concello utilizará os instrumentos de que dispón (servicios urbanísticos municipais, Policía Local, Axentes da Cidadanía,...) para facer cumprir o establecido nesta ordenanza.*

*En caso de que o responsable incumprise a orde do concello, a institución municipal poderá dispoñer á súa execución forzosa, mediante a imposición de multas coercitivas cuxa contía ven determinada nos artigos seguintes.*

*Se aínda así persistise o incumprimento, o concello procederá á execución subsidiaria das medidas necesarias, repercutindo os custos ás persoas responsables.*

#### **Artigo-9- Réxime disciplinario.**

*O órgano competente para sancionar as infraccións tipificadas nesta ordenanza é o alcalde-presidente ou persoa en quen delegue.*

*As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas nesta ordenanza, serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se debe responder.*

#### **Artigo-10- Consideración das infraccións.**

*Considéranse infraccións administrativas en relación cos materias ás que se refire esta ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido.*

*As infraccións clasifícanse como leves, graves ou moi graves, conforme se establece nos seguintes artigos.*

#### **Artigo-11- Infraccións leves.**

- *En xeral, o incumprimento dos requisitos, obrigas e prohibicións establecidas nesta ordenanza que non estean clasificadas como graves ou moi graves.*
- *Non cumprir o requirimento realizado polo concello unha vez transcorridos 2 meses*



*dende a notificación do mesmo.*

**Artigo-12- Infraccións graves.**

- *A reincidencia nas infraccións leves.*
- *Non proceder ó cumprimento do requirimento realizado polo concello, unha vez transcorridos 2 meses desde a notificación, cando haxa risco inminente para persoas, vivendas ou bens doutra índole.*
- *Non permitir o acceso ó persoal de vixilancia no desenvolvemento do seu labor de inspección.*

**Artigo-13- Infraccións moi graves.**

*Cando nas infraccións graves concorran, ademais, algunha das seguintes circunstancias:*

- *A reincidencia nas faltas graves.*
- *Malicia ou intencionalidade.*
- *Irreversibilidade do dano causado.*
- *Grave repercusión nas persoas, os bens ou o patrimonio público, histórico ou natural.*

**Artigo-14- Determinación das sancións.**

*Sen prexuízo de esixir, cando proceda, as responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes, a contía das sancións serán as seguintes:*

- *Infraccións leves: multa entre 500,00 e 1.000,00 €.*
- *Infraccións graves: multa entre 1.000,00 e 2.000,00 €.*
- *Infraccións moi graves: multa entre 2.000,00 e 4.000,00 €.*

*Para determinar a contía das sancións atenderase ás circunstancias concurrentes nos feitos que as motivaron, tales como a natureza e dimensión da infracción, grao de intencionalidade ou reincidencia, así como aqueles factores que se poidan considerar como atenuantes ou agravantes.*

*Será considerado reincidente quen incorrese en infracción nas mesmas materias durante os doce meses anteriores e así fose sancionado.*

**Artigo-15- Premios.**

*Establécese un premio anual, cunha dotación de 6.000,00 € para premiar á rúa de Monforte que máis se distinga polo seu adecentamento, ornato e embelecemento, que poderá convocar o Concello si o estima convinte.*

*O importe económico deste premio inverterase na mesma rúa.*



*As condicións deste premio serán desenvolvidas regulamentariamente.*

***Disposición adicional.***

*ÚNICA: O establecido na presente ordenanza enténdese sen prexuízo das actuacións que correspondan a outros organismos da Administración, dentro das súas respectivas competencias.*

***Disposición transitoria.***

*ÚNICA: Establecese un período de carencia de 3 meses dente a entrada en vigor da presente ordenanza para que aqueles feitos que supoñan incumprimento do disposto na mesma se adapten ás súas prescricións.*

***Disposición derradeira.***

*ÚNICA: A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e teña transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei de Bases do Réxime Local.””*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez no pleno do 25 de outubro preguntaron polo tema das cámaras e do cableado. Do cableado, porque non se estar a falar de soterrar o cableado, porque non se está a falar do Monforte real que hai, pero vostedes di que iso costa cartos. Di que eles falan do Monforte real, que hai casas abandonadas, que se están caendo, non pode dicir que o tema das cámaras non entraba nas fachadas, de feito vostede xa o sabía en setembro, diga si neste das fachadas se podía ir un paso máis adiante. Di que hai un plan especial que fala dixo, soterrar cables, dende Esperta Monforte cando se estaba arranxando o tema de soterrar cables, dixeron que se estaba en período de alegacións, son cousas que se fan reiteradamente. No tema das fachadas, vostedes pasan de puntillas.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicindo que eles lamentan que aproveite a aprobación desta ordenanza sobre ornamentación e estética. Sen embargo, se segue sen un plan xeral de urbanismo previo, e aproveitar esta normative para especificar máis as normas a seguir en canto a estética, en relación ao artigo 3, na gama e cores, en vez de facer un artigo xenérico o que fai é nombrar a lei do solo e a norma xeral que establece a Xunta de Galicia, gustaríalle que o equipo de goberno tivera unha idea sobre as cores das fachadas. Fala do artigo 4, en canto á servidume forzosa, entende que veu motivado pola instalación de cámaras en fachadas, lles asusta o artigo no que se nomea a servidume forzosa. Cando se fala de introducir artigos que poden entrar en conflitos cos particulares coas súas fachadas, que debería haber un informe técnico xurídico onde se fundamente ese artigo, e polo que o concello decide incluír a servidume forzosa. Gustaríalle saber que norma xenerarquicamente superior permite que os Concellos podan estipular servidumes forzosas, dependendo de cada sector. Di que lles falta un informe máis detallado e porque se admite a inclusión do que di Abante, solicitan deixar o expediente riba da mesa, solicitando un informe técnico xurídico.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que eles coñecen ben o Monforte real, dicindo que non o fixo



o equipo de goberno. Aqueles que vostedes apoio moitos anos non o fixeron tampouco. Di que lles van mellorar porque agora hai un plan especial en qué guiarse. Di que eles están co Monforte real, vostedes son catastrofistas, sobre a ponte vella, mentiras tan gordas que habían expropiado as parcelas, iso o dixo vostede a algúns veciños. Estan vostede obsesionados coa zona C, vai quedar una zona moi bonita, xa o verán, na zona D igual, confunden urbanizar con construír, din tonterías. Nada diso é verdade, iso significa que non coñecen os expedientes, inventan falan por falar. O Monforte real vai mellorando como o está a facer. Siga vostede nesa práctica manipulatoria, en setembro foi unha enquisa do progreso e nun debate o que si sabía era que ían facer outra outro periódico. Inventan xa sabía o resultado, se a Voz de Galicia lle fixera caso, estaría encantando, pero a realidade non é esa, di que seguirán mellorando Monforte. Dentro de pouco haberá noticias sobre os pasos inferiores para suprimir os pasos a nivel, en breve haberá noticias do ferrocarril, o tema da ponte tardará o que tarde en ter os permisos, e o permiso importante é o da Confederación, por se alguén pensa outras cousas. Sinala que hai unha sentenza para o tema de protección, aínda que tratan de impedir xa habería maneira, o problema pode ser o tema hidráulico.

Dille a D<sup>a</sup> Katherinie Varela critica agora o de facer estes investimentos sen ter un plan xeral, porque non pensan un pouco o que din, estes plans da zona B, C e D foron aprobados polo Partido Popular, aprobados aquí polo Concello e pola Xunta de Galicia da época. Di que eles están executando algo que se aprobou no ano 2000. Di que está aquí para mellorar a súa cidade, di que eles van executar plans aprobados polo Partido Popular. Logo fala vostede da servidume forozosa o hai en moitos Concellos de España, non foi polo tema das cámaras, o tema das cámaras hai unha nunha casa, e se podería colocar na farola, vostede se imaxina que ningunha cidade de España podería ter o alumeadado de Nadal, o cando hai pampcartas para eventos, ou un festival, contra a violencia, hai que suxeitalas nalgún sitio, para iso é a servidume de interese público, esa señora leva facendo ultimamente como trescentas alegacións, pero non as fai ela, pero cando un está como está. Parécelle un abuso o feito que se está reproducindo con tantos escritos. Di que é un erro citar e pouco elegante, as persoas que fan as alegacións, esa empresa se deu conta dunha cuestión, porque esa empresa deuse conta que iso podería ser un problema. Non se poden buscar cinco pés ao gato porque ten catro.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez gustaríalle que aclarara iso do tema dos cinco metros da traseira, non sabe si lle fai caso a todo o mundo, isto o dixo Germán, non entende que lle parece pouco elegante, se vostede di que todos sabemos como está. Vostede ter unha forma de ver o da zona C. di que aquí non se ven a falar do Sr. Tomé do Sr. Germán, di que representa a un partido político con moito menos ilegalidades, se o anterior alcalde lle debe algo, píddallo. Vostedes teñen un “modus operandi”, poñer asfalto sen arranxar saneamento, sen arranxar acometidas, e así fan máis o menos todos, evostedes di que se deixa asesorar, vostede coma el que non é todo o ben que pinta aquí. Urbanísticamente isto é unha especie de desfeita, vir aquí que el lle dixo que se ían comer os 8 metros da traseira, porque despois di que el fala por riba de vostede.

Intervén o Sr. Alcalde di que vostede di as cousas, vostede dixo iso e o escoitou e o sabe ben a tenente alcalde. Dille a D. Germán que non está no uso da palabra, o avisa por primeira vez á orde.

Dille a D. Germán que se volve a intervir o advirtira, que teñen que ver as cámaras coas cargas e descargas. O que non se pode falar dunha cousa e despois dicir que non falou diso. Dille que lle gustaría que teña a opinión que queira e a exprese como considere dentro da educación, di que el non citou antes a ningunha persoa, di que non citou o nome de ninguén.





Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicindo que en relación á citar da empresa que presentou ás alegacións, que si vulnera os dereitos fundamentais, non é secreto. E por outra banda, ninguén está dicindo que se está en contra da zona C, o da ponte nova, xa que se hai unha ordenanza relativa ás fachadas e relativa á estética da cidade, di que están moi cansos de que se fale do pasado. Que un goberno do partido político fixera cousas, di que o que critican a falla do plan de urbanismo, cantos máis anos pasen peor, non van entrar a sinalar culpables, vostedes no seu programa político levaban o de iniciar aos traballos do plan xeral. Aquí non se trata de dicir non a todo, non lles vale que o argumento sexa que outras cidades o teñen. Se ata agora non existía este artigo, en base a qué ponían o alumeado de Nadal, por iso piden un informe técnico xurídico.

Intervén o Sr. Alcalde, o alumeado se pón con dificultades, efectivamente había dificultades para poñer os arcos, levado ao absurdo se podería quedar sen alumeado de Nadal. Os traballos previos xa se empezaron, por iso cando se anuncia algo xa é inmediato. No mes de xaneiro empezará o da zona C. Logo di vostede a estética de urbanismo da cidade, resulta que agora unha estética que pode compartir con vostedes de altos, baixos, medianeiras, que veñen de décadas, algún incluso gañou unha sentenza, e resulta que os responsables son eles. Esas cousas hai que estudialas ben antes de falalas, o PXOM estase facendo cuestións previas.

Vótase a proposta do Partido Popular de deixar riba da mesa o asunto, con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, unha abstención do concelleiro BNG e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Sometido o asunto a votación apróbase definitivamente por maioría, con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e cinco abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG-Grupo Mixto) e un voto en contra do concelleiro de Esperta Monforte! D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

**6º.-MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA REQUERIR A RENFE MÁIS FRECUENCIAS DE TRENES A OURENSE PARA CONECTAR CO AVE A MADRID.**

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

*“1. Que o alcalde de Monforte de Lemos, como representante do Concello, solicite A Renfe máis e mellores frecuencias de Monforte a Ourense para conexión co Ave a Madrid”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dando lectura á súa moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez sinala que pide ser ríguosos co tempo porque non están sendo. Di que hai unha iniciativa que xa se falou de trenes, fala de mellorar os servizos en



toda Galicia. Di que vai deixar unha reflexión un pouco melancólica, parece que antes non había necesidades, de máis frecuencias a Ourense, cando no 2017 votou a andar sobre a plataforma do ferrocarril, unha das cousas que se pedía era máis frecuencias de trens a Ourense. Parece que antes como non había AVE non había necesidades, di que non emenda esta iniciativa vaise debater no Congreso, aprobose por unanimidade no Parlamento, o que se teñen é que recuperar os Servizos ferroviarios que se perderon durante a pandemia. Di que hai que recuperar ese servizo ferroviario en Monforte. Di que eles van apoiar esta iniciativa o que hai que utilizar o tren para vertebrar o territorio.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez aproveita para que lle pida mellores conexións de Monforte a Ourense, a Vigo, a Lugo, a Coruña di que se necesitan darlle pulo á estación de Monforte para que circulen a maior cantidade de trens. Cantas mellores conexións haxa con Ourense, mellor para todos os monfortinos, melloras conexións con outras cidades de Galiza. O tema do AVE chega con 20 anos de retraso, non cre que os de Lugo sexan os máis felices neste caso.

Intervén D. Ibán Torres di que non se preparan moi ben o asunto. Lembra simplemente como dixo o Tribunal de Contas que se paralizaron as obras, co Partido Popular. Os compromisos se amosan con feitos. A liña galega marca un punto de inflexión para Galicia, polo tanto pon fin ao illamento ferroviario. Agora resulta o que vostedes non fixeron en anos o están reclamando a eles. As conexións chegaran co AVE. Hai catro servizos por sentido, e tres con enlace en Ourense. Parece mentira como representante dos populares non saiba que Monforte é a capital da Ribeira Sacra. Di que xa está licitada a mellora da estación de Monforte, en xaneiro empezaran as obras de electrificación de Monforte e Lugo. Na primeira quincena de xaneiro se realizaran as obras do túnel de Oural, cando vostede s gobernaban soamente había propaganda. Despois de todo abandono, nunca é tarde se a dicha é boa. Amosa o apoio a moción.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que ten unha nota de prensa do ano 88 na que Abel Caballero anunciaba a alta velocidade para o ano 93, vamos deixar de reprochar o que fixeron uns e non fixeron outros. Di que é certo que o AVE chegou a Ourense, espera que sexa un paso de xigante para a Comunidade Autónoma. Si que é Monforte é capital da Ribeira Sacra, fale vostede cos de Sober, di que non se pode perder o tren xa que se ten o AVE tan preto, ter esas conexións adecuadas parca que ese turismo non se quede en Ourense e veña a Monforte. O turismo é o motor económico, non se caracteriza o país con ser moi industrial, hai que potenciar o turismo sostible, a materia prima que é a Ribeira Sacra, por iso traen esta modificación para que se incrementen esas conexións e sexan mellores das que existen.

Intervén D. Emilio Sánchez dicindo que non sabe onde quitou que eles están en contra do Turismo, di que non se debe poñer exemplo na mesma festa. Aquí se está vendo como se pasan a pelota. A reflexión é a seguinte como monfortino non está en contra de que viñese o AVE a Ourense, a sensación era triste ver como claudicábamos unha vez máis ante Ourense, ao mellor non hai que preguntarlle a ningún Concello da Ribeira Sacra, maneira de claudicar para un monfortino despois do que foi a estación de tren de Monforte, di que lle queda un cartucho na recámara o asunto ferroviario do transporte de mercadorías, haberá que traballar todos para que esta estación siga en pé.



Intervén D. Jaime Germán Vázquez, di que Monforte a Coruña 4 horas e media, di que necesitan conexión con toda Galicia, di que todos terían que loitar por mellorar. Di que hai que centrarse nestas cousas que son super importantes.

Intervén D. Ibán Torres di que se van ser testigos nun feito histórico en Galicia.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D. Emilio que Monforte non claudicou ante Ourense. Ademais isto non son reinos de taifas, estas cousas hai que velas. Sen ter que ver co AVE habrá novas noticias para o emprego en Renfe en Monforte.

Di que el foi respectuoso cos tempos di que el actuou como alcalde e aforrouse o tempo do voceiro. Dille a D. Germán que claro que hai que mellorar todas as comunicacións, se se mellora a autovía de Nadela a Sarria sería moito mellor, esta iniciativa soamente fala de Ourense. Por outra banda, falan de conexións ferroviarias deficitarias, Galicia xa ten o AVE, se se teñen dificultades, hai outras sete comunidades autónomas que non teñen AVE. Hai un informe do Tribunal de Contas o motivo polo que é, Cantabria non ten AVE, Asturias, Navarra, A Rioja, Extremadura, Murcia. Dille a D<sup>a</sup> Katherinie Varela que o papelón que fixeron os do Partido popular, dan unha rolda de presna para anunciar que presentan unha enmenda para pedir crédito para contratar a electrificación de Monforte a Lugo, cando xa está contratada e van començar as obras no mes que ven, iso é para nota. Aquí o AVE chegou polo que chegou, léase o informe do Tribunal de Contas, nomeado por D. Mariano Rajoy Brey. Fala vostede D<sup>a</sup> Katherinie da capitalidade de Ourense non pode ser porque está fora da comarca da Ribeira Sacra, Monforte non necesita competir con ningún Concello da comarca.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

### **7º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA MELLORAR A SEGURIDADE CIDADÁ.**

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

*“1.- Que o equipo de goberno local, en concreto a súa máxima autoridade, leve a cabo as xestións oportunas (reunión ou escritos) coa autoridade competente para que non se produzan estas faltas de persoal do colectivo de seguridade cidadán da policía nacional, polo menos durante as fines de semana.*

*2.- Que se organice un dispositivo especial en conxunto con ambas policía para que durante as noites de fin de semana non queden desatendidas as rúas de Monforte mentres non se arranxa o problema de persoal do colectivo de seguridade cidadán. “*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dando lectura a súa moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez sinala que pouco menos parece unha cidade do oeste.



Primeiramente os problemas internos poidan ter na comisaría de Policía é algo que ten que solucionar a quén lle corresponda e outra cousa é a actualidade, é verdade que iso foi certo. Sinala que sempre houbo pelexas múltiples. Agora mesmo non había forzas da orde público suficientes. O alcalde é o presidente da mesa de seguridade que hai en Monforte, nesa participa, a Garda Civil, o Comisaria da Policía Nacional, a Policía Local, a Subdelegada do Goberno, se alguén ten algunha carencia terá que facelo chegar á mesa de seguridade, ese sería o funcionamento normal funcionanado a mesa de seguridade. En canto ao punto número 1 quere pensar que xa o debería de haber, se faltan efectivos haberá que buscarlle unha solución, o espírito da moción é mellorar o servizo de atención á cidadanía, de aí a que eviten pelexas e problemas é outra historia.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez sinala que soamente estase a pedir a resolución dun problema que perxudica a todos. Entenden que non son competencia do equipo de goberno, non estaría de máis que se arranxe o tema canto antes. Están de acordo co segundo punto. Pensa que non sería necesario ter aquí un policía local no salón de plenos, podería estar facendo outras cousas.

Intervén D. Ibán Torres sinalando que os problemas internos da comisaria non son competencia do equipo de goberno e menos do alcalde. Di que a todos lles preocupa a seguridade cidadá, di que amosaron cedendo un edificio para a Comisaría, o que evidenciaba unha precariedade e que se tratou de resolver con esa cesión. O alcalde ten contacto directo coa subdelegada do goberno, polo tanto estase ao corrente de todo o que sucede nesta cidade, polo que eses problemas seguramente xa están solucionados. Di que non poden apoiar esta moción, vostede trae unha serie de sucesos que parece que este Concello é o Far West. Por moita seguridade cidadá, os altercados existen e existirán sempre. Todo isto non ten entidade para ser obxecto dunha moción. Sinala que sempre que colaborou coa Policía Nacional.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicindo que ninguén di que Monforte sexa unha cidade perigosa, e fala de que da nun entorno moi conciso. Pero cando se dea este problema a policía local se vexa soa, e soamente haxa un policía nacional de garda cando debería haber tres. Di que eles veñen aquí a pedir que o equipo de goberno faga as xestións que consideren para eses turnos de policías estean sempre completos, que xa fixeron esas xestións, por congratúlase.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que quere aproveitar para comentar no do tema dos oito metros das traseiras que lle comentou a Sra. Prada que sepa que lle minte, a próxima vez que vostede o diga, que teña claro que minte, porque el non llo dixo a ninguén.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D. Germán que non pode facer o que lle dea a gana. Dígaoo á persona que llo contou a d<sup>a</sup> Gloria.

Intervén D. Ibán Torres dille a D<sup>a</sup> Katherinie Varela que isto non é unha cuestión de policía, entre a xuventude hai problemas maiores que o do confinamento.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicindo que é un pode querer ao seu pobo pero pode dicir os defectos que ten, pero sabe recoñecer cando hai problema e non está ben.



Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría cos dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

**8º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE! PARA REDUCIR O NÚMERO DE MORTES E LESIÓNNS CAUSADAS POR ACCIDENTES DE TRÁFICO.**

A moción non se dictamina ao non estar presente o presentante da mesma.

Transcríbese a proposta de alcaldía:

*“A que comece a aplicar coa maior brevidade medidas dirixidas a mellorar a seguridade relacionada coa mobilidade como as seguintes:*

*. Creación de plans de mobilidade e seguridade vial.*

*. Compromiso de correxir puntos críticos para a seguridade vial dos cidadáns.*

*. Formación dos responsables en temas de seguridade vial para mellorar as condicións destas. “*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura a súa moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que isto non é aprimeira vez que ben a este pleno no ano 2008 tamén o BNG trouxo unha iniciativa deste tipo. Fala dos puntos críticos, o paso de peóns en Escultor Francisco Moure á altura da rúa Sarria, fala dun problema de visibilidade, aínda que se mellorou, segue sendo insuficiente, hai outros tres ou catro puntos, que supón que terán informe da policía local. Di que esta iniciativa ten todo o senso do mundo. Sinala que como medida, non quere dicir que sexa a principal, fai pouco tempo estivo nunha cidade cos pasos de peóns reflectarios, a parte de traer iniciativas traer opcións. Manifesta que certas vías non corresponde ao Conello porque son da Xunta ou do Estado, pero se se queren facer se fai.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela manifesta que o fondo da iniciativa o ven ben, gustaría que se concretasen os puntos máis conflictivos, porque si ten coñecemento dalgún punto que pode ser máis complicado á hora deste tipo problemas. Amosa o seu apoio a esta moción.

Intervén o Sr .Alcalde pregunta si sabe o que significa “constantemente”, di que ten un informe da Policía Local, e non hai nada do que vostede di D. Germán. Cantos apropelos houbo, cantos? Dicir esas cousas que non son verdade claramente.

Intervén D. Ibán Torres dille a D. Germán que lle molesta que lle chamen catastrofista pero o gaña a pulso. Estase a falar de sitios distintos. Puntos críticos, por falla de iluminación. Di que non se pode consistir a cidade de que a xente non pode saír á rúa porque a atropelan. A Policía Local saben moi ben como teñen que actuar, non tache veladamente de descoñecedores da súa labor. Nin no ano 2020, ni 2021 houbo ningún falecemento por accidente de circulación. Houbo un herido grave dos 223 accidentes rexistrados, máis do 80% foi por colisións, isto significa que non se está nese escenario dantesco que se indican na moción. Non cre que haxa ningún problema de funcionamento de seguridade vial e dende logo, as prioridades que se expresan. Se todos cumprisen as normas habería



menos accidentes, porque a circulación é unha actividade de risco. Por todos estes motivos comunica que non vai apoiar a moción.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifesta que non hai mortes pero si atropelos, cre que poder a creación de plans de seguridade vial, non están sendo nada catastrofistas. Fala dunha nova sinalización na cidade que dixo o Alcalde, quería saber se hai alta ou non a hai. Non sabe si é catastrofistas dicir que se circula a máis altas velocidades das normales, di que non están dicindo que realicen as súas labores ben. Non quixeron dicir os dos puntos críticos, porque logo vostedes dirían que non son eses. Non pode dicir que non se podería mellorar a velocidade de Monforte a 30, non digan porque os atropelos se fai de noite e hai un montón de sitios na que a iluminación é insuficiente, si que é certo que se van cambiar as farolas, pero mentres se podía adiantar.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que lle gustaría que o Sr. Torres ten o número de accidentes que houbo, cantos atropelos houbo segundo os partes da Policía Local, a capacidade do goberno é adiantarse aos acontecementos o antes posible. Puntos críticos, el dixo na primeira intervención un punto crítico, na rúa Chantada, haberá que poñer coto non sinalizan ben como esta aquilo, é perigoso agora mesmo. Na rúa Calvo Sotelo á altura do ponte tampouco se ve nada, hai puntos concretos onde se pode mellorar, di que el non é quen diga eses puntos, haberá que buscar fórmulas para atallar, qu ese tomen medidas non vai deixar de haber accidentes. O espírito da iniciativa é que se mellore e protexa máis ao peón.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela solicita a retirada da palabra “constantemente”. Di que hai épocas onde hai máis atropelos que outros, pero si se dan. Di que non se lle parece mal estas iniciativas que melloren a seguridade cidadá.

Intervén D. Ibán Torres celebrando que se falan de lesións e non de mortes, cal é o obxecto de debate. Di que el non da seguido a D. Germán. Pregunta cales son os puntos críticos, poden estar de acordo co espírito e co fondo, vostede dí mortes, por iso van votar en contra.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez fai un ano dixo o mesmo. Os informes non os teñen que facer eles nin os puntos críticos, di que hai un monton de policías, levan falando bastante tempo que haxa policías no Pleno. Recoñecendo que por parte da Policía se traballe menos do que lle gustaría pola falta de medios, é certo que el mesmo recoñece que se lle prestou menor atención da que considera necesaria, parécelle ben que o inspeccor de Policía teñen problemas por que non teñen persoal. Non poden dicir que lle poñan eles os puntos críticos, vostedes xa teñen técnicos na materia. Non lle importan que voten en contra se o van facer, na homilía poden dicir si teñen eses informes preparados, pero non é menos certos os propios policías os que teñen que facer eses informes, cre que o teñen que ter pero non o verbalizan.

Intervén o Sr. Alcalde dille a D. Germán que vostedee non pode pedir informes, hai que ter un mínimo para poder informes aos servizos do Concello, non se da conta da situación, non ten capacidade hoxe legal para poder pedir un informe. (Cando un non respecta no regulamento falase de intervencións non de homilías). Vostede na súa moción fala do que fala, desacredítase vostede mesmo. Os cidadáns o ben. Fíxese vostedes, deberían cambiar a estratexia, vostedes queixanse do tráfico, da ponte, os monfortinos están preocupadísimos. De verdade non están cos pés sobre o chan, é todo unha mentira unha patraña. E logo



vostede fala de puntos críticos, é vostede o que os ten que dicir. A Policía está fase con corrección, con erros como temos todos seguro, pero con corrección. Cando fala da entrevista do novo inspector xefe despois de moitos anos, refírese ao pasado, non se refire a hoxe, dentro de pouco que convocaran as prazas que faltan, na totalidade da plantilla son 18, 15 axentes, 2 oficiais e 1 inspector, cando chegaron ao goberno había 12. Para poder realizar o traballo mellor máis cómodos. Dille a D. Germán que cando traiga iniciativas faga primeiro os deberes e senón non as traiga.

Dille a D<sup>a</sup> Katherinie que lle honra recoñecer que a palabra foi en exceso. Dille a D. Emilio que os que gobernan están aquí para escoitar a crítica da oposición, pero vir agora a falar de cousas que están no proxecto en execución, de renovación do alumeadado do 100% do Concello que está recollido a mellora das iluminacións, iso todo esta previsto e contratado, non lle pode aceptar que da idea cando as cousas xa están contratadas.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría cos dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

#### **9º.- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE SANEAMENTO NO RURAL.**

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

*“1. Que o Goberno Municipal elabore un plan de saneamento para dotar deste servizo a aquelas parroquias que na actualidade non conten con el.*

*2. Que este se execute coa maior brevidade posible”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura a súa moción. Di que esta é unha iniciativa que neste Concello estase a facer obras de saneamento na cidade, pero non entorno rural xa vai nuns 8 anos non se fai unha actuación. Saben da complexidade que é nas parroquias, aquí o que se pide é que se faga un calendario de traballo no tempo e que ese plan se leve a cabo governe quen governe.

Sinala que el sabe que se estaba a levar a cabo a mellora da iluminación, pero non é suficiente, que se vai mellorar máis, haberá que esperar máis, el en ningún momento quixo dicir que non se estaba facendo nada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez amosa o seu apoio a esta moción. Apoian á moción porque é pedir que se elabore un plan de saneamento destes servizos ás parroquias que actualmente non o teñan.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela manifesta que consideran que o saneamento e o abastecemento é o asunto máis importante dunha cidade. Fala das contsantes roturas, averías, cortes de auga, fala de dúas á semana. Parecélle adecuado que haxa unha maior inversión, tamén non so ter en contra o núcleo da cidade senón ás parroquias. Ten que



pedir colaboración de todas as administracións para solucionar todo o tema do saneamento. Amosa o voto a favor.

Intervén D. Ibán Torres dille a D. Emilio qu'el recorda aquel populismo do Sr. Feijoo que foi do rural. Sincreamente nesta moción, é mellor levala ao parlamento de Galicia, para lembrarlle ao Sr. Feijoo. No pasado 2020 entregouse a Xunta preto de 400.000 euros, sabe canto recibe este Concello por parte da Xunta, cero. En Monforte non, porque a Xunta non quere. Os Concellos pagan e a Xunta decide, sería máis conveniente que se solicite á Xunta que devolva o canon, se poderían acometer esas obras tan necesarias. Pregunta que o BNG estivo gobernando 12 anos e non fixo ningunha mellora do saneamento. Gustaríalle informarlles que o alcalde conseguiu que o Ministerio de Transición Ecolóxica está realizando un estudio para poder acometer melloras no futuro. Non van apoiar a moción porque é imposible facer o que se pide.

Intervén D. Emilio José Sánchez o que se pide é que o goberno elabore un plan de saneamento, non pide que se faga ao día seguinte. Alégrase se falase do actual alcalde formou parte do goberno anterior ao 2015. Falou vostede da Vide, de Seoane e Gullade, non sabe se tamén estaba a primeira parte de Santa Mariña, é que era o que había que facer. Queren que se siga facendo, non se trata do que fixo un ou deixou de facer outro.

Intervén D. Jaime Germán dille ao Sr. Torres que parece que a Xunta rouba, non sexa catastrofista. Aquí o que se pide é iniciar un plan, é o único que se pide, se se ciñen estrictamente a isto, o deberían apoiar vostedes.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela manifestando que como xa sabía que o Sr. Torres ía falar da Xunta. No ano 2014 levouse a cabo a mellora de sistema do tratamento de auga potable de Monforte de Lemos e aquí si que invertiu a Xunta. No ano 2020 un convenio prevía unha inversión de 5 millóns de euros, fondos FEDER, a Xunta contribuíría con tres millóns de euros e lle pedirían 2 millóns ao Concello. Fala da débeda reclamaba a Aqualia pendentes de tres millóns de euros, co que o poderían afrontar ese gasto. Di que o seu voto será favorable.

Intervén D. Ibán Torres agora resulta que si todas as administracións o fan, vostede non ten nin idea do que é gobernar, fala aquí de elaborar un plan, en qué consiste, co coste ten, digan cales son administracións que van colaborar. O canon se seguirá pagando igual. Vostede trae esta moción para elaborar o plan, e queda aí a cousa. É unha obra que non pode ser abordada a día de hoxe por este Concello. Vainos a axudar a Xunta de Galicia?

Intervén D. Emilio José Sánchez di que os plans os terán que facer os técnicos na materia. Con respecto como se vai facer, evidentemente, é de qué se trata, serán cousas dos técnicos. Con respecto de reclamarlle á Xunta, en breve vaise ver as enmendas que se fixeron dende o BNG aos orzamentos da xunta, enmendas que foron rexeitadas, aí ían algunha deste tipo de obras. Agradece aos grupos que voten a favor, lamenta que non lle encaixe.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que ao Sr. Feijoo o salvou a pandemia. Que disfrute destes catro anos, pero as cousas están cambiando. O canon de saneamento parece que non existe, estase pagando todos os monfortinos, as empresas o Concello no recibo da auga, dende que se empezou a 3 millóns de euros pagado a Augas de Galicia, dende o 2012 ata este ano. En temas de saneamento ningún euro de retorno dos cartos dende a Xunta de





Galicia, aquí non é porque non se pide, pídese constantemente. Di que unha boa parte do que se paga teña retorno, o que estimen, a postura da FEGAMP estando de acordo en pagar aos Concellos que non teñen saneamento. Devolvan unha parte do que se paga e que obriguen a gastalo en saneamento. Vostede fala da Consellería súa, chega aos sitios nin saúda, onde estaba o Vicepresidente Rueda, estaba o Presidente, saludaron e chegouse a ela e nin saludou. Esa señora o único que fixo veu enganar, o que cumpre é a norma, non vai poder o que ela queira. Si é certo están sen rematar os accesos ao Porto Seco, sen facer o muelle de carga do sistema de mercadorías, que está no proxecto sectorial, porque non o fan. No ano 2012-2013 Augas de Galicia fixo un estudo no saneamento de Monforte que despois non valía, había cantidade de cousas que non figuraban no estudo. Lembra que no ano 2009 a finais, o Sr. Varela comprometeu na Comisión de Industria seis millóns de euros para unha depuradora en Monforte.

Fala da valoración inicial do informe do Ministerio, falan de que o custe podería estar entre 15 ou 20 millóns de euros soamente para o urbano, as 20 parroquias que agora non teñen saneamento, aproximadamente custarían outros 8 millóns de euros, estase a falar de 25 millóns de euros, é imposible que se poda afrontar. Di que eles van seguir traballando, igual que se conseguiu que o Ministerio faga este informe, conseguiráanse máis cousas.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría cos dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

Votase a urxencia da inclusión deste punto, co seguinte resultado: doce votos a favor dos concelleiros/as grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

## **10º.- RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN RESPECTO DO ORZAMENTO DO 2022 E APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE.**

### **Transcríbese a proposta da Alcaldía:**

*Con data 23.12.2021 presenta Unión Sindical Obrera alegación no Rexistro Xeral do Concello ao orzamento aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación con data 29 de novembro do 2021.*

*Visto o contido da alegación, con data 23 de decembro do 2021 a Interventora accidental informa o que a continuación se detalla:*

### **“ANTECEDENTES**

*I. O día 29 de novembro de 2021 o Pleno do Concello de Monforte de Lemos aprobou inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2022.*

*II. O 1 de decembro de 2021 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o anuncio de exposición ao público de dita aprobación provisional.*

*III. Con data 23 de decembro de 2021 presentouse no rexistro de entrada do Concello de Monforte de Lemos unha reclamación contra o mesmo, con número de entrada*

*Pleno da Corporación 27.12.2021*



19858. Na mesma, o reclamante sostén a necesidade de reducir a temporalidade, cobertura das prazas vacantes, a necesidade de aumentar os efectivos do Corpo da Policía Local, solicita que se proceda a un proceso de estabilización do emprego temporal e a necesidade de funcionarización dalgunhas prazas de persoal laboral fixo.

IV. O día 23 de decembro solicítase desta Intervención a emisión de informe sobre a reclamación indicada.

#### NORMATIVA APLICABLE

Real Decreto-lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 169 e 170.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Reclamación: aspectos formais e aspectos materiais.

Con carácter previo á valoración dos argumentos empregados pola parte reclamante é necesario, a xuízo desta Intervención, examinar os aspectos formais que regulan as reclamacións ao orzamento municipal. Dentro dos mesmos, hai que analizar, en primeiro lugar, a lexitimación activa do reclamante; en segundo lugar, o prazo de interposición da reclamación; en terceiro lugar, o órgano encargado da resolución das reclamacións e, por último, se as causas alegadas coinciden cos motivos taxados de reclamación previstos legalmente. Só unha vez que se consideren cumpridos os aspectos formais, procedería analizar os aspectos materiais da reclamación; é dicir, o contido concreto do alegado e a súa adecuación á normativa vixente, así como aos datos económicos do Concello.

SEGUNDO.- Aspectos formais.

#### Lexitimación activa da reclamante.

En canto á primeira das cuestións —isto é, lexitimación activa do reclamante—, o art. 170.1 da vixente Lei reguladora das Facendas Locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (en diante TRLFL) establece quen ten a consideración de interesado para presentar reclamacións á aprobación inicial do orzamento xeral do Concello, ante o Pleno municipal. Di, literalmente, o seguinte:

“1. A los efectos de lo dispuesto en el apartado 1 del artículo anterior, tendrán la consideración de interesados:

- a) Los habitantes del territorio de la respectiva entidad local.
- b) los que resulten directamente afectados, aunque no habiten en el territorio de la entidad local.
- c) los colegios oficiales, cámaras oficiales, sindicatos, asociaciones y demás entidades legalmente constituídas para velar por los intereses profesionales, económicos y vecinales, cando actúen en defensa de los que les son propios.”



*Na medida que a recorrente actúa en representación dunha organización sindical, aínda que sen representación nesta Administración, cumpriría o requisito da letra c) do punto 1 do art.170.*

*Prazo de interposición da reclamación.*

*En canto á segunda cuestión—prazo de interposición da reclamación—, o artigo 169.1 do TRLFL dispón que aprobado inicialmente o orzamento xeral os interesados poderán presentar alegacións durante o prazo dos quince días seguintes á publicación do devandito anuncio de aprobación no boletín oficial correspondente. A publicación do acordo de aprobación inicial do orzamento efectuouse o día 1 de decembro de 2021 no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. O cómputo comeza ao día seguinte da súa publicación e os días sinalados no art. 169.1 deben ser considerados hábiles, conforme ao disposto no art. 30 da Lei 39/2015, polo que o prazo de interposición de reclamacións tería comezado o día 2 de decembro e rematado o día 24 de decembro.*

*Á vista dos datos obxecto deste informe, pódese concluír que a reclamación foi presentada en prazo.*

*Órgano encargado da resolución da reclamación.*

*En canto á terceira cuestión —isto é, órgano encargado de resolver as reclamacións presentadas á aprobación inicial do orzamento— o art. 169.1 TRLFL establece que debe ser o Pleno o órgano encargado de resolvelas.*

*Motivos taxados de reclamación.*

*En canto á cuarta cuestión formal—motivos taxados de reclamación—, o art.170.2 do TRLFL establece os motivos taxados de reclamación ante a aprobación inicial do orzamento. En concreto di, literalmente, o seguinte:*

*“2. Unicamente podrán establecerse reclamacións contra el presupuesto:*

- a) Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta Ley*
- b) Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal ou de cualquier otro título legítimo.*
- c) Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos o bien de estos respecto de las necesidades para las que esté previsto.”*

*Só, polo tanto, o acordo de aprobación inicial do orzamento pode ser obxecto de reclamación se a mesma se fundamenta nunha cuestión formal —omisión nos trámites da súa elaboración e aprobación— ou en tres cuestións materiais —inexistencia ou falta total de crédito para afrontar gastos esixibles; manifesta insuficiencia de ingresos para abordar os gastos esixibles ou insuficiencia de crédito*



*para abordar os gastos esixibles—expresamente recollidas na lei.*

*Calquera outro motivo de reclamación non pode ser válidamente alegado fronte ao citado acordo de aprobación, posto que a norma recolle de modo expreso —“unicamente” di a norma— que soamente caben os catro motivos antes sinalados.*

*A mera lectura da reclamación presentada pon de manifesto, a xuízo de quen suscribe, que dos motivos alegados, ningún está incluído nas causas taxadas de reclamación do art. 170.2 TRLFL procedendo, polo tanto, a inadmisión de todos eles. CONCLUSIÓN.-Á vista do sinalado nos parágrafos anteriores, esta Intervención considera que procedería desestimar a reclamación presentada por dona Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da Unión Sindical Obreira contra o proxecto de orzamentos para 2022.”*

*Polo que vai dito, e en base aos informes, propónse que o Pleno do Concello adopte o seguintes ACORDOS:*

*PRIMEIRO.-Desestimar a alegación presentada ao orzamento do 2022.*

*SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o orzamento do Concello e do IMD do ano 2022 e proceder a súa publicación”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez di que non tiveron tempo suficiente para saber se estas alegacións atendían a unha necesidade concreta.

Intervén D<sup>a</sup>Katherinie Varela dicindo que se van abster porque non tiveron tempo para estudar o asunto.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que é a mesma alegación que a do ano pasado, que é para entorpecer.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría a alegación formulada e procedese a aprobación definitiva do orzamento do Concello e do IMD do ano 2022 con dez votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e seis abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

## **PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

**11º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (de 23.11.2021, 03.12.2021 e 15.12.2021).**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de



decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

**12º.-DACIÓN DE CONTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO ORGANISMO AUTÓNOMO DO CONCELLO. INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS.**

Toma razón da aprobación definitiva da Modificación dos Estatutos do Organismo Autónomo do Concello “Instituto Municipal de Drogodependencias”.

**13º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSO ALZADA AVPC.**

Toma razón da resolución do recurso de alzada presentado por D. Cesar Jesús Martínez Rodríguez en nome e representación da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil (AVPC).

**14º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Pregunta de Esperta Monforte!**

Ante o inminente arranxo por parte do Concello da denominada zona C, plantexouse o Concello a posibilidade de pechar o aparcamento do parque dos Condes e trasladalo a denominada zona C?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que ningún goberno serio que veña no futuro salvo que teña algunha alternativa viable, non vai a suprimir o estacionamento da Compañía. Onde mete vostede os 800 coches, 4 autobuses, discapitados, no centro da cidade, iso é un privilexio que ten Monforte. Sinala que na zona C se len o proxecto se crean 67 prazas. Non se preocupe que non se vai pechar o aparcamento do parque dos Condes.

**Rogo de Esperta Monforte!**

Ante o xa moi visible deterioro da Ponte Medieval, rogamoslle teña a ben facer unha reestruturación do tráfico e peche de inmediato a ponte?

Resposta o Sr. Alcalde que é o primeiro que quere pecha a ponte vella, pero será o día que haxa unha alternativa.

**Pregunta do BNG**

Como se atopa a posta en marcha do padroado desta fundación (Fundación Foggia) ou que trámites se levan feito?

Resposta o Sr. Alcalde que vaille datos en relación co que lle dixeron, nestes momentos atópase todo no Xulgado, porque o Concello non tivo máis remedio que acudir á vía xudicial para que o albacea de modo voluntario proceda á sinatura de escritura pública. Estase á espera que se sinale data do acto de conciliación. A Sra. Foggia designou a albaceas testamentarios pero renunciaron aos seus cargos catro persoas, un faleceu. Un dos designados estaría en disposición. O albacea dende o falecemento non fixo nada e non se molestou en aceptar o cargo de albacea, o 26.04.2021 o pleno aprobou os estatutos da  
*Pleno da Corporación 27.12.2021*



fundación, contra o que non se interpuxo reclamación algunha. Despois das reunións mantidas co albacea, despréndese que por parte desta persoa, pretendese impoñer a súa vontade, o albacea ten que dar cumprimento á vontade da testadora.

### **Rogo do BNG**

Que o Goberno Municipal prorrogue outros seis meses a exención do pago das taxas pola utilización de espazos públicos á hostalería da cidade, no 2022.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que eles falan coa xente. Di que este ano, máis dun empresario dixo que fora o mellor verán que recordaba, polo tanto haberá que ver como evoluciona a pandemia.

### **Rogos do Partido Popular**

.- Que se proceda o cambio de horario de carga e descarga polas mañás, e que en vez de ser de 8 a 11, sexa de 9 a 12 ou incluso de 10 a 1 da mañá.

.- Que se proceda a maior brevidade posible a tomar unha decisión en cuanto a xestión da piscina municipal e o seu mantemento.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que en relación co horario de carga e descarga di que se ten algo semellante ao resto das cidades. Os horarios de apertura dos comercios moi distintos a outros Concellos. En relación coa piscina dicir que se pretende quitar o concurso que se están correxindo cousas que había. Felicita ao técnico de deportes porque está a realizar un gran traballo. Estanse facendo cousas para que a solución sea importante e definitiva para tempo, estase traballando nelo, a solución para esa zona vai ser unha solución importante dentro de pouco.

Remata a sesión sendo as vintetres horas e dezanove minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE